

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 28 DE FEBREIRO DE 2013

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e oito de febreiro de dous mil trece, baixo a presidencia da primeira tenente de alcalde dona M^a Jesús González Roel, por imposibilidade de asistencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, réunese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M^a Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, don José Antonio Orosa Fernández e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás, de EU; dona M^a Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asiste, con escusa, dona M^a Olga Santos López, de EU.

Asisten dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Antes de comezar a sesión, dona M^a Jesús González Roel, presidenta da sesión, manifesta que quere desculpar a ausencia do Sr. alcalde, a quen hoxe non lle é posible estar presente, e di que, polo tanto, todos aqueles rogos e preguntas que poidan ir dirixidos ao Sr. alcalde se contestarán por escrito cando se incorpore.

Tamén quere pedir anticipadamente desculpas por calquera erro que poida cometer, xa que é a primeira vez que vai presidir un pleno, cousa que fai con moito orgullo, pero por iso tamén quere pedir desculpas polos posibles erros.

A continuación, aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 31 de xaneiro de 2013

A Sra. presidenta pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 31 de xaneiro de 2013.

Non se formulan alegacións polo que, a Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou o citado borrador.

2º Declaración institucional en conmemoración do Día da muller traballadora

Tendo en conta que o resto de grupos municipais non asinou o texto da proposta de declaración institucional que fixo o goberno municipal, don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que retiran a dita proposta, e pregunta ao resto de grupos se queren dar lectura neste momento ao texto que como moción de urxencia conxunta lles acaban de entregar agora, ou se queren tratalo no punto de mocións. Di que el está de acordo con que se lea agora, se hai consenso, e di que lle pode dar lectura a secretaria da Corporación ou aquel concelleiro que eles consideren oportuno.

Dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, dá lectura ao texto presentado como moción de urxencia conxunta dos grupos municipais dos Socialistas de Cambre, Unión por Cambre, Esquerda Unida, Bloque Nacionalista Galego e Progresistas de Cambre en relación coa conmemoración do Día internacional da muller traballadora, que consta do seguinte teor literal:

“Dentro duns días celebraremos o 8 de marzo, un ano máis dende que a // *Conferencia Internacional de Mulleres Socialistas* (Copenhague 1910) aprobara por unanimidade o establecemento do Día internacional da muller traballadora, como método de loita pola causa da muller. As reivindicacións daquelas mulleres centrábanse no dereito a voto, o dereito á ocupación de cargos públicos, o dereito á educación e á formación profesional, o dereito ao traballo e á non discriminación polo mero feito de ser muller.

Dende entón é indubidable que a loita pola igualdade e emancipación da muller obtivo algunhas conquistas: na incorporación ao mercado laboral, na participación política, no acceso á educación e á formación superior ou na conquista da autonomía sobre o seu propio corpo.

No noso país a loita pola igualdade comezou a obter resultados a partir da chegada da democracia, cando a sociedade comezou a modernizarse polo compromiso e o labor das organizacións sociais, as feministas, a esquerda política e sobre todo ás mulleres. Grazas ao desenvolvemento de políticas públicas dirixidas á superación das discriminacións, as mulleres españolas foron ocupando espazos no ámbito laboral, na política e na sociedade.

Agora ben, malia as conquistas, a igualdade entre mulleres e homes non foi nunca real. En efecto, no ámbito laboral mantivéronse as desigualdades salariais, as trabas ás baixas por maternidade ou a utilización dos dereitos de conciliación familiar e o traballo a tempo parcial é maioritariamente feminino. No ámbito educativo a coeducación segue sendo unha materia pendente, e no ámbito social mantéñense os estereotipos de xénero e a desigualdade na repartición das tarefas do fogar e as responsabilidades familiares.

O día 8 de marzo naceu e ten un carácter reivindicativo, polo que lonxe do carácter testemuñal e cerimonial que ás veces se lle outorga queremos aproveitar este día para que se visualice a situación actual e o grave risco que se corre de perder todos os avances conseguidos.

O desemprego feminino, que creceu espectacularmente como se comproba nos datos da última EPA, é a principal preocupación, pois o emprego constitúe a premisa básica da emancipación da muller. Nesta destrución de emprego incidíu de xeito directo unha reforma laboral que rompeu o equilibrio das relacións laborais, deixou desprotexidos aos máis débiles e en particular fai imposible o dereito á conciliación.

As políticas de recortes, e a eliminación de servizos públicos relacionados coa educación, a saúde e a dependencia, nos que traballan moitas mulleres provocou e está a provocar que moitas perdan os seus empregos, pero tamén dificulta a súa empleabilidade e dinamita a conciliación da vida familiar e laboral.

E a situación agrávase se temos en conta a supresión das políticas activas de emprego feminino e o freo total aos incentivos para a posta en marcha dos plans de igualdade nas empresas tanto dende a Xunta como dende o goberno da nación.

O desmantelamento das estruturas administrativas que daban corpo ás políticas a favor da igualdade, como o Servizo Galego de Igualdade, inciden de xeito directo na perpetuación das desigualdades e non permite ter esperanza nun mellor futuro. A isto hai que engadir a intención do goberno de suprimir as competencias e servizos municipais en materia de igualdade que contempla o *Anteproxecto de reforma da Lei de bases de réxime local 7/1985*, que limita aos concellos de máis de 20.000 habitantes a posibilidade de exercerlas e iso só no caso de delegación da comunidade autónoma, contravindo a Carta Europea para a igualdade de mulleres e homes na vida local, que promove as políticas municipais de igualdade.

Algunhas destas accións e recortes non poden xustificarse pola situación económica, senón que están cargados de ideoloxía, e buscan situar as mulleres de novo nas tarefas de coidado dos fillos, os dependentes, os maiores, en definitiva a volta ao fogar das mulleres.

Ante esta situación non podemos deixar pasar este 8 de marzo sen dirixirnos á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado, segundo corresponda, para:

- Reclamar o desenvolvemento dun plan de emprego para as mulleres de Galicia, que inclúa políticas activas específicas, a promoción do autoemprego e o desenvolvemento dun plan de igualdade das mulleres no emprego, dirixido á eliminación da desigualdade salarial.
- Esixir o mantemento dos dereitos recollidos na Lei de promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.
- Reclamar o cumprimento da Lei 2/2007, do 28 de marzo, de traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Mostrar o noso máis firme rexeitamento á supresión das políticas municipais en materia de igualdade.
- Solicitar a revisión do sistema de xubilación que, segundo recoñeceu o Tribunal de Xustiza europeo, discrimina aos traballadores a tempo parcial, maioritariamente

mulleres.”

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que, evidentemente, o seu grupo vai votar a prol da moción, pero quere salientar o grao de consenso que houbo entre os grupos da oposición para poder presentar esta moción conxunta, porque o grupo municipal de EU tiña presentado unha moción por este motivo, pero como chegaron a un acordo decidiron refundila e subscribila cos grupos da oposición. Di que se alegra ter chegado a ese tipo de acordos, e por outra parte lamenta que o PP non se adherira a esta moción.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que o seu grupo si que vai apoiar a moción, non a van votar en contra, porque están totalmente de acordo cos acordos que se propoñen, o que non están de acordo é coa exposición de motivos, porque lles parece totalmente irreal a lectura que se fai da situación actual, pero cos acordos están totalmente de acordo, vaia a redundancia, e van votar a prol, por suposto.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM, manifesta que a el non se lle comunicou nada. El está totalmente de acordo coa moción, pero como ninguén lle dixo nada, non aparece aí o Partido Galeguista Demócrata, pero por el non hai ningún problema.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais manifesta que o sente, e pídelle desculpas se non lle chegou, cre que se transmitiu a proposta de declaración institucional, este foi un acordo de último momento, e sente que non lle chegase.

A secretaria da Corporación, como unha cuestión de orde, pregunta aos asistentes se queren que este texto figure en substitución da declaración institucional proposta polo goberno municipal, ou se desexan que figure na acta dentro do punto de mocións.

Tendo en conta que todos os concelleiros amosan a súa conformidade co texto da moción, a Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión acordan que este texto figure na acta baixo a denominación “Declaración institucional en conmemoración do Día da muller traballadora”, e polo tanto, non precisa votación.

3º Declaración institucional en apoio aos traballadores da Fábrica de Armas da Coruña

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que este tema se tratou na xunta de voceiros, están todos de acordo, e se non lles importa poden pedir á Sra. secretaria que dea lectura, salvo que o Sr. Taibo que fue quen a propuxo teña interese especial en lela.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que non ten maior problema en facelo, e, polo tanto, dá lectura ao texto íntegro da declaración que foi asinada por todos os grupos representados na Corporación municipal:

“Ante o anuncio do peche da Fábrica de Armas da Coruña, realizado de xeito unilateral pola multinacional americana General Dynamics, os grupos municipais con representación na Corporación municipal, a través dos portavoces de todos os grupos políticos, comunican de forma conxunta o seguinte:

1. Expresar o rexeitamento frontal e absoluto á decisión de General Dynamics de pechar a Fábrica de Armas da Coruña, unha das empresas máis emblemáticas da nosa cidade dende a súa implantación en 1937 e que é totalmente viable polas súas enormes potencialidades.
2. Manifestar o apoio rotundo e incondicional aos traballadores e traballadoras da factoría coruñesa, un cadro de persoal cunha elevada cualificación e cun demostrado compromiso coa empresa ao longo de toda a súa historia.
3. Esixir a General Dynamics o aprazamento inmediato do peche da súa fábrica na Coruña e a apertura dunha mesa de negociación para tratar un plan de viabilidade que garantice a reactivación da actividade produtiva e o mantemento de todos os postos de traballo.
4. Recabar todos os apoios necesarios do tecido social, empresarial e veciñal para defender unidos a permanencia da Fábrica de Armas, porque tanto a empresa como os traballadores teñen un pasado unido ao desenvolvemento da cidade e un futuro garantizado por un persoal con capacidade de traballo e talento para desenvolver as tarefas vinculadas ao seu sector e a cualificación necesaria para diversificar a súa actividade e garantir unha alternativa industrial de futuro.
5. Sumarnos a todas as accións que dende o Comité de Empresa se emprenden para defender os postos de traballo
6. Solicitar á Xunta de Galicia a súa implicación nas accións impulsadas dende os concellos da área metropolitana, en colaboración co Comité de empresa, para acadar o mantemento da actividade produtiva na factoría coruñesa e dar cumprimento ao acordo acadado por unanimidade de todos os grupos políticos o 22 de novembro de 2005 no Parlamento de Galicia:
 - a) Demandar ao Goberno español o cumprimento do contrato INI-Defensa co fin de garantir a carga de traballo para todos os centros da empresa Santa Bárbara.
 - b) Demandar ao Goberno español que garanta o cumprimento das obrigas asumidas por General Dynamics na adquisición da empresa nacional Santa Bárbara en todo o relativo ás cargas de traballo, novos contratos e investimentos tecnolóxicos.
 - c) Demandar do Goberno español que garanta a continuidade da Fábrica de Armas da Coruña e que presente, en colaboración coa Xunta de Galicia, un plan industrial de futuro, sólido e fiable, que asegure a diversificación da produción e a chegada de nova carga de traballo e, en todo caso, o mantemento do actual nivel de emprego.

7. Requirir ao Goberno do Estado a súa colaboración na continuidade da actividade en todas as plantas situadas no noso país para acadar o mantemento deste sector estratéxico.”

4º Aprobación, se procede, das bases da convocatoria de bono-taxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o exercicio do 2013

Vista a proposta da concelleira delegada de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación de data 20 de febreiro de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda, e pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 26 de febreiro de 2013.

Vistos os votos particulares presentados ao ditame das comisións informativas polo voceiro do PSdeG-PSOE, rexistrados de entrada ao núm. 2685 o día 27 de febreiro de 2013, que constan do seguinte teor literal:

“1º voto particular.

Texto do voto particular:

Na base terceira.- Requisitos das persoas beneficiarias, punto 2.- Modificar a redacción como segue:

2. Considérase unidade de convivencia a todas aquelas persoas que convivan nun mesmo domicilio, constando con tal carácter nun rexistro público.

No punto 3. Eliminación dos parágrafos tres e catro: “Persoas que vivan no mesmo domicilio ...” e “Aquela unidade de convivencia independente que ...”

2º Voto particular.

Texto do voto particular:

Na base cuarta.- Solicitudes e documentación. Despois de “Anexo I, acompañada da seguinte documentación...”, engadir como esixencia de documentación:

- Fotocopia compulsada do libro de familia. Certificación ou copia compulsada de inscrición de matrimonio, parella de feito, unión non matrimonial ou calquera outro tipo de unidade de convivencia debidamente rexistrada.

Eliminar o último parágrafo: “Calquera outra documentación que se considere conveniente ...”

Entendemos que a redacción deste parágrafo crea inseguridade xurídica ao beneficiario, dotando á administración dunha indebida discrecionalidade.

3º Voto particular.

Texto do voto particular:

Na base quinta.- Prazo de presentación de solicitudes.

Modificación do 1º parágrafo, como segue:

“O prazo de presentación de solicitudes iniciarase ao día seguinte da publicación da presente convocatoria no BOP e rematará o 30 de novembro.”

4º Voto particular.

Texto do voto particular:

Na base sexta.- Tramitación administrativa. No punto 4.

Nova redacción: “O prazo máximo de resolución e notificación ao interesado será de 30 días hábiles contados dende a recepción da totalidade da documentación requirida.”

5º Voto particular.

Texto do voto particular:

Na base sétima.- Regulación no uso do bono-taxi.

Substituír o límite da data de validez dos bono-taxis do 01 de decembro ao 17 de decembro. Tal e como figuraba na convocatoria de 2012.

6º Voto particular.

Texto do voto particular:

Na base oitava.- Obrigas da persoa beneficiaria.

Substituír o límite de data de devolución da matriz, xunto cos bonos sobrantes do 20 de decembro ao 30 de decembro. Tal e como figuraba na convocatoria de 2012.

Motivacións dos votos particulares:

O grupo municipal dos socialistas de Cambre, cos votos particulares presentados, pretende mellorar as bases reguladoras, presentadas polo goberno municipal, sobre a convocatoria de bono-taxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o exercicio do 2013, co fin de recoller demandas e suxestións feitas por beneficiarios.”

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, explica que o seu grupo presentou unha batería de votos particulares co fin de sometelos á consideración da Corporación.

Toma a palabra dona M^a Jesús González Roel, presidenta da sesión, para manifestar que cre que tamén lles chegou un informe dun técnico municipal en relación con eses votos particulares, e, polo tanto, entran no seu debate, un por un.

Don Jesús Bao Bouzas di que pasa a introducir a motivación dos seus votos particulares, lembra que se trata dun servizo concebido en parte para suplir as deficiencias do servizo de transporte adaptado, o 065, cuxa prestación é competencia da Xunta de Galicia, polo que piden ao equipo de goberno que, unha vez máis, esixa á Xunta de Galicia a mellora no servizo dese transporte adaptado, tendo en conta as reiteradas esixencias e necesidades formuladas polos beneficiarios.

Dende o grupo municipal socialista o que pretenden coa presentación destes votos particulares, é fixar un procedemento máis áxil e garantista, que dea unha maior cobertura de servizo aos eventuais beneficiarios. Tamén aproveitan para pedir que se dea a esta convocatoria a maior difusión posible.

O primeiro voto particular refírese á base terceira.- Requisitos das persoas beneficiarias, punto 2, e propoñen modificar a redacción como segue: “2. Considérase unidade de convivencia a todas aquelas persoas que convivan nun mesmo domicilio, constando con tal carácter nun rexistro público”.

Entenden que non queda claro o concepto de unidade de convivencia, ademais, moitas veces esa unidade de convivencia é unha unidade forzada polos acontecementos, polas vicitudes dunha sociedade tan cambiante como a actual.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que o voto particular ten dous puntos, pregunta se falan primeiro deste e despois do outro.

Don Jesús Bao Bouzas di que lle le o segundo: No punto 3. Eliminación dos parágrafos tres e catro: “Persoas que vivan no mesmo domicilio sempre e cando non teñan ningún vínculo de parentesco” e “Aquela unidade de convivencia independente que, por causa de forza maior, accidente o desafuzamento, se vexa obrigada a residir con outra.”

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que, como xa lles dixo a Sra. presidenta en funcións desta sesión, todos os grupos recibiron un informe, xunto cos votos particulares, onde a propia técnica de servizos sociais desaconsella acoller este voto particular, en concreto, o primeiro deles é moi sinxelo de explicar. Di que coa proposta que o grupo socialista fai o que estarían facendo é permitir abertamente a fraude, é dicir, no caso de haber dous pais, ou dúas persoas que sexan parella de feito, pero que non estiveran inscritas en ningún rexistro aínda que conviviran xuntos, porque unha estivera empadroada nun domicilio e outra noutra, nese caso non se imputarían os ingresos da persoa que non estea empadroada no domicilio, independentemente de que os seus ingresos sexan de 10.000 euros/mensuais, ou de 100.000, os que sexan, non se computarían.

Di que ese tema, que por certo é novedoso, porque non se aplica en moitas convocatorias deste estilo, é algo que os técnicos municipais si teñen previsto, precisamente para evitar ese tipo de fraudes. Esa é a explicación, e por iso a eles non

lles parece xusto, o que lles parece xusto é que todos os cidadáns compitan nas mesmas condicións, e non que unhas persoas que sexan hábiles para intentar trampear a norma poidan obter beneficios, e poidan acollerse ás axudas. Coa redacción que o partido socialista propón, o que lles veñen a dicir os técnicos é que se facilitaría a fraude.

En canto ao segundo punto, di que lle sorprende, porque agás que el estea moi equivocado, coa lectura que fai, que é a mesma que esta mañá lle explicaron os técnicos, o que están intentando facer coa proposta da Sra. concelleira é poder incluír dentro da norma a calquera unidade de convivencia, é dicir, a calquera unión, sexa de feito, sexa de dereito, sexa entre un home e unha muller, sexa entre dous homes, sexa entre dúas mulleres, sexa o que sexa, e o partido socialista o que lles está propoñendo é que quiten algunhas das posibles unións de feito, agora mesmo recoñecidas, ou non recoñecidas, pero que de feito, valla a redundancia, existen, por iso tampouco lle atopan demasiada explicación.

Expón que eles o que queren é que isto chegue ao maior número de xente posible, independentemente do sistema de convivencia que teñan elixido. En particular o que se está dicindo é que non se considerará como unha unidade de convivencia aquela persoa que por unha situación particular, sen ter ningún vínculo de convivencia, se teña ido a vivir a un domicilio onde xa existira outra unidade de convivencia, así se considerarían dúas unidades de convivencia separadas. Di que a el o que lle parece é que o están entendendo ao revés, entenden que están dicindo as cousas ao revés, e non, o que están dicindo é que se computarán dúas unidades de convivencia, é dicir, que non se computarán os ingresos de todas as persoas que viven no mesmo domicilio.

Don Jesús Bao Bouzas di que se computarán dúas unidades de convivencia, sempre e cando non teñan ningún vínculo de parentesco.

Don Felipe Andreu Barallobre di que sempre que supoña unha unidade familiar, non se vai conformar unha unidade familiar se de forma puntual unha persoa vai vivir no mesmo domicilio.

Don Jesús Bao Bouzas di que, segundo a redacción das bases, dá pé a esa interpretación que o Sr. Andreu lles di.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que non sabe, que el o que lle di é que a interpretación que fan os técnicos é que coa redacción do partido socialista se podería interpretar xusto o que o Sr. Bao está dicindo. Non o sabe, iso é o que entenden eles e o que entenden os técnicos.

Don Jesús Bao Bouzas explica que precisamente para reforzar esa ambigüidade do concepto de unidade de convivencia, foi polo que formularon o voto particular, é dicir, propoñen definir concretamente esa vinculación rexistral, que é o que en certa maneira lles permite determinar claramente o que poden entender por unidade de convivencia. O terceiro parágrafo o que vén a dicir é que se viven no mesmo domicilio e non teñen vínculo, son unidades independentes, está de acordo, pero tamén indirectamente

venlle a dicir que se teñen vínculo pasan a ser unidade de convivencia, e moitas veces ese vínculo vén forzado, vén determinado polas circunstancias.

Don Felipe Andreu Barallobre expón que cando se fala de unidade de convivencia el cre que o entende todo o mundo.

Don Jesús Bao Bouzas pídelles que lle defina a unidade de convivencia.

Don Felipe Andreu Barallobre di que eles o que están falando é dunha unidade de convivencia de persoas que queren formar unha familia, independentemente de cal sexa a forma. Unha persoa que de forma puntual vaia vivir cun parente, iso queda fóra do concepto, ou polo menos iso é o que se interpreta. Eliminándoo el cre que están empeorando a situación, o que se podería facer, en todo caso, é matizar, pero non eliminalo, porque entón o que estarían dicindo é que sempre se terían que computar todos os ingresos das persoas que vivan no mesmo domicilio, aínda cando non teñan ningún vínculo de parentesco, para os efectos de obter a axuda, se o eliminan como excepción esa é a interpretación que lles queda. Eliminando esa excepción terían que computar os ingresos de todas as persoas que teñan parentesco, aínda que non formen unha unidade de convivencia, e de todas as persoas que estean empadroadas nun mesmo domicilio, por iso di que se podería matizar, pero eliminalo sería peor para os usuarios. Pregunta se entenden o que está a dicir, porque se trata dunha excepción.

Don Jesús Bao Bouzas di que eles manteñen a excepción do segundo parágrafo.

Don Felipe Andreu Barallobre di que o voto particular o que di é eliminar o punto terceiro e cuarto.

Don Jesús Bao Bouzas responde que así é, eliminar os parágrafos tres e catro.

Don Felipe Andreu Barallobre sinala que, por exemplo, o cuarto parágrafo o que di é *“Aquele unidade de convivencia independente que, por causa de forza maior, accidente o desafuzamento, se vexa obrigada a residir con outra”*, é dicir, con outra unidade de convivencia. Se eliminan isto como excepción, en todos eses supostos terían que sumar, para os efectos da axuda, os ingresos de todas as unidades de convivencia que haxa no mesmo domicilio.

Don Jesús Bao Bouzas di que non necesariamente.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o que di o Sr. Andreu está considerado unidade de convivencia.

Don Felipe Andreu Barallobre di que na base terceira o que se di é que se considera que existe unha unidade de convivencia independente, aínda que vivan no mesmo domicilio, nos seguintes supostos, é dicir, aínda que vivan no mesmo domicilio é independente, como xa dixo, aquela unidade de convivencia que, por causa de forza maior, accidente o desafuzamento, se vexa obrigada a residir con outra. Di que pon un exemplo, se el coa súa muller están desafuzados e teñen que irse a vivir cos seus pais, que son os seus parentes, co que está dicindo a proposta da Sra. concelleira

consideraríanse dúas unidades de convivencia, unha a dos seus pais, e outra a súa coa súa muller. Se quitan a excepción, consideraríase unha soa unidade de convivencia, todas as persoas formarían unha única unidade de convivencia, esa é a interpretación, por iso di que se pode matizar, pero que se o eliminan están empeorando a situación.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas manifesta que lle vai responder cun exemplo real dun veciño minusválido de Cambre, que solicitou a axuda e desistiu da tramitación, precisamente porque se pedían datos da persoa coa que convivía, con independencia de que tivese un vínculo afectivo ou non con esa persoa minusválida. É dicir, moitas veces o que están facendo é poñer trabas, e o que queren dalgunha maneira é deixar claro e vincular o que entenden por unidade de convivencia a un tema rexistral, que apuntan no seguinte voto particular.

Don Felipe Andreu Barallobre sinala que iso precisamente é o que falaban co primeiro punto, o da fraude, é dicir, o concello, que é a administración que ten que dar diñeiro público a un usuario, vai entregárllelo a un usuario sabendo, ao mellor, que están convivindo en fraude de lei, non de forma ilegal, senón en fraude de lei.

Don Jesús Bao Bouzas manifesta que el parte da presunción de inocencia de todos os potenciais solicitantes e demandantes desa axuda.

Don Felipe Andreu Barallobre di que el tamén, pero está a opinión que lles transmiten os técnicos, e que eles acollen, e teñen que ser moi garantistas e moi rigorosos cando están falando de destinar diñeiro público a calquera cousa, teñen que ser moi rigorosos, teñen que intentar evitar as posibles fraudes. Di que ese é o primeiro punto, e cre que no informe xa queda bastante claro.

Don Jesús Bao Bouzas di que el, particularmente, non sabe o que teñen recibido o resto de compañeiros, el o que recibiu ás 14:00 horas no seu correo foi un escrito que non está nin timbrado nin asinado, el non sabe se ese é o informe do que fala o Sr. concelleiro, porque reitera que é un documento que non está nin timbrado nin asinado por ninguén.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que si, que ese é o informe da coordinadora de servizos sociais, e cando ela o enviou eles inmediatamente a chamaron para dicirlle que iso tiña que enviárllelo asinado, pero estaba nunha reunión que ten todos os xoves. Non sabe se xa o incorporou ou se o incorporará mañá a primeira hora, en todo caso, ese é o informe técnico que hai.

Don Jesús Bao Bouzas sinala que, en calquera caso, non é un informe vinculante, o que están buscando é unha resolución política aos seus votos particulares. Eles, en principio, manteñen a redacción proposta, e gustaríalles que a presidenta dese a palabra ao resto de membros da Corporación.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo vai votar a prol do primeiro voto particular.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo vai votar a prol de todos os votos particulares que presentou o partido socialista.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que tamén van votar a prol dos votos particulares. Dille ao Sr. Andreu que lles chama moito a atención que falara varias veces no seu discurso de fraude, e dille que hai que ter tino, que hai que ter moito tino para que algún veciño de Cambre que necesite o transporte adaptado non vaia cometer unha fraude. Explica que hai que puntualizar que esa fraude sería de 500 euros, e di iso porque nestes días todos están oíndo falar de fraudes de millóns e millóns, diso que se perden, e hai que ter moito tino, mirar moi ben as normas, porque é moi perigoso que algún veciño de Cambre, que necesite o transporte adaptado, cometa unha fraude de 500 euros/ano. Conclúe dicindo que ela quere puntualizar ese tema, porque o Sr. concelleiro falou repetidamente de fraude, e eles coñecen moitas fraudes, porque nestes días na prensa len moito diso, pero non se trata de 500 euros.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que el contra os argumentos pode debater, pero contra a demagogia non.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que el tamén vai votar a prol de todos os votos particulares que presenta o grupo socialista.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre expón que non hai moito máis que debater, evidentemente.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas manifesta que si que queren expoñer o resto de votos, isto dende o respecto ao posicionamento de UxC, que ten respaldado o primeiro voto particular, e o resto non o saben.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño expón que pensaba que ían ver punto por punto, pero xa lles di que eles van respaldar todos os votos particulares presentados, e, por certo, tamén tiña anotado que lles gustaría que cando chegara a documentación, e calquera estudo ou informe dun técnico, que vaia asinado por ese técnico, porque a eles tampouco lles chegou asinado por ninguén.

Dona M^a Jesús González Roel explica que o informe asinado lles chegará mañá. O motivo foi que cando eles tiveron coñecemento dos votos particulares presentados eran as 10:00 da mañá, a coordinadora fixo o informe, e ás 14:30, cando lles chegou, foi por correo electrónico, co cal non lles viña asinado, pero di que se lles fará chegar asinado.

Don Jesús Bao Bouzas di que pasa a ler o texto do resto de votos particulares presentados. No 2º voto particular propoñen engadir como esixencia de documentación, a fotocopia compulsada do libro de familia. Certificación ou copia compulsada de inscrición de matrimonio, parella de feito, unión non matrimonial ou calquera outro tipo de unidade de convivencia debidamente rexistrada. Así mesmo, tamén propoñen eliminar o último parágrafo no que se di *“Calquera outra*

documentación que se considere conveniente dende o equipo técnico municipal de servizos sociais para completar o expediente.”

Di que entenden que a redacción deste parágrafo crea inseguridade xurídica e discrecionalidade.

No 3º voto particular, na base quinta, no prazo de presentación das solicitudes, propoñen a modificación do 1º parágrafo, quedando redactado “*O prazo de presentación de solicitudes iniciarase ao día seguinte da publicación da presente convocatoria no BOP e rematará o 30 de novembro.*” Con isto buscan que sexa unha convocatoria aberta, e facilitar e garantir o acceso a este tipo de axudas.

O 4º voto particular, na base sexta, relativa á tramitación administrativa, no punto 4, propoñen redactalo: “*O prazo máximo de resolución e notificación ao interesado será de 30 días hábiles contados dende a recepción da totalidade da documentación requirida.*”. Di que de igual xeito que se establece un prazo de presentación e de subsanación de documentación para os posibles beneficiarios, entenden que a administración tamén debería impoñerse un prazo de resolución e notificación, neste caso de 30 días hábiles.

O 5º voto particular, na base sétima, respecto da regulación no uso do bono-taxi, propoñen substituír o límite da data de validez dos bono-taxis, do 01 de decembro ao 17 de decembro, tal e como figuraba na convocatoria de 2012. Di que segundo a proposta que presentou o equipo de goberno, no mes de Nadal non se podería utilizar o servizo.

E o 6º voto particular, na base oitava, obrigas da persoa beneficiaria, propoñen substituír o límite de data de devolución da matriz, xunto cos bonos sobrantes do 20 de decembro ao 30 de decembro, tal e como figuraba na convocatoria de 2012. Di que entenden que se no 2012 serviu, tamén pode servir para o 2013.

Conclúe agradecendo publicamente o compromiso e a sensibilidade que están a ter os diferentes grupos da oposición respecto da proposta presentada.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que el supón que estarán todos moi satisfeitos cos votos particulares que van aprobar, pero el vai xustificar o voto en contra do seu grupo, por suposto, porque impugnarán a súa aprobación, xa que o que están facendo é conseguir que sexa totalmente imposible aplicar a ordenanza, están intentando facer un favor aos usuarios e o que están conseguindo é que sexa totalmente imposible aplicar as axudas.

Di que, tan imposible, como que o último voto particular, ampliando o prazo ata o 30 de decembro, vai facer totalmente imposible pagar aos taxistas, porque, como deberían saber, xa que algún deles estivo no goberno, no concello as últimas facturas que se admiten son ata o 28 de decembro, as facturas que se presenten despois desa data non se poden pagar, entón, se eles amplían o prazo ata o 30 de decembro, non se van poder pagar. Supón que todos eles explicarán aos taxistas por que aprobaron unha ordenanza que non se pode tramitar, porque non se vai poder facer, non se vai poder conceder ningunha axuda ao abeiro desa ordenanza que propuxeron, nin se van

poder pagar as axudas aos taxistas, pero imaxina que o estudaron, que o volveron a estudar, terán estudado perfectamente as consecuencias de todo o que van facer. El xa lles anuncia que, despois do recurso que van interpoñer, terán oportunidade cos informes técnicos de recapacitar, porque supón que agora non os vai convencer para que o fagan, pero supón que no vindeiro pleno, unha vez que teñan que resolver o recurso que presentarán a este acordo, recapacitarán, ou entende que o farán, e aprobarán outra cousa distinta que se poida aplicar.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas manifesta que lamenta que o Sr. concelleiro insista precisamente neste punto, e poña aos taxistas como vítimas dunha proposta que o que busca é, unicamente, mellorar a accesibilidade e a prestación deste tipo de servizo.

Di que no seu momento o seu grupo solicitou un certificado de execución dos orzamentos, que lles entregaron a data 28 de decembro de 2012, e concretamente da partida 2012 233 223, o comprometido, o pagado, é dicir, o que tramitaron, ten un importe inferior a 300 euros, e non é porque o PSOE teña torpeado esa axuda.

Don Felipe Andreu Barallobre di que non sabe de onde sacou eses datos, porque hai usuarios que gastaron máis que iso.

Don Jesús Bao Bouzas explica que está falando da tramitación, do comprometido e do pagado a 28 de decembro, non do consumido polos usuarios.

Don Felipe Andreu Barallobre expón que, en todo caso, el se reafirma, aínda que xa supoñía que non os ía convencer agora de que o que están conseguindo na práctica é que ningún usuario de Cambre poida obter esa axuda. Di que cando fagan o recurso, que o farán e o presentarán, tamén se fará un informe, porque evidentemente eles cando veñen ao pleno, como non podería ser doutra forma, veñen co asesoramento dos técnicos.

Continúa dicindo que a el o que lle chama poderosamente a atención, porque o fan habitualmente, é que a oposición, sabendo que van propoñer unha modificación, non o teña consultado antes cos técnicos, porque se o tiveran feito el está seguro que nin sequera terían presentado os votos particulares, ao mellor dous, que son os mesmos que a técnica de servizos sociais di que se poden subscribir sen ningún problema.

En todo caso, el cre que o último voto particular é o máis flagrante de todos, porque o que están conseguindo con el é que poden facer a consignación que queiran, poden conceder todos os bono-taxis que queiran, que evidentemente o usuario vaise beneficiar, pero a costa do taxista, porque o taxista non vai cobrar.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que lle gustaría que explicara por que os taxistas non van cobrar, porque unha persoa que fai un servizo, unha persoa que fai un traballo, ten que cobrar. Por outra parte, parécelle que é máis importante que unhas persoas teñan o servizo uns días, aínda que os taxistas cobren un pouco despois, pero reitera que lle gustaría que explicara por que non van cobrar os taxistas, se son os profesionais que prestan o servizo e terán que cobrar.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que é moi sinxelo, a razón é que os gastos que se queiran imputar ao orzamento do 2013 hai que presentalos antes do día 28 de decembro, se non se fai así na Intervención non teñen tempo material de contabilizar as facturas, e, ademais, antes de contabilizar esas facturas teñen que ter unha supervisión dos técnicos. Explica que por iso puxeron o día 20, son 10 días antes, precisamente para que os técnicos de servizos sociais poidan comprobar que as facturas son correctas, que os servizos efectivamente se realizaron, para que despois a Intervención poida contabilizalos e imputalos ao orzamento do 2013, porque se non, non poderán imputalos ata o orzamento do ano 2014, facturas que se pagarán, pero que se pagarán cando se traian para a súa aprobación no ano 2014, despois de toda a tramitación, despois de aprobar os orzamentos do 2014 e despois de imputar o gasto aos orzamentos do 2014, mentres non van cobrar.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que menos mal que rectificou e dixo que van cobrar, porque lembra que neste concello se teñen aprobado moitísimas facturas, con reparos evidentemente, pero non se pode ser tan radical nas respostas dicindo que non van cobrar, pregunta como non van cobrar, e pregunta que é máis importante, iso, ou que haxa persoas que non poidan desfrutar dese servizo, volve dicir que non hai que ser tan radical.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto di que antes falou o concelleiro do PP respecto da demagogia do BNG, agora pide que se apliquen o conto, porque por suposto que os taxistas van cobrar, igual que este ano se pagaron facturas do ano 2011. Se algunha persoa presenta unha factura legal, loxicamente hai que pagala.

Por outra banda ela quere preguntar que pasa con esa praza que se ía crear en Cambre para un taxi adaptado a ese servizo, porque o ano pasado, cando se aprobou este punto, dixéronlles que estaban en conversas, e gustaríalles saber como están esas conversas ou se xa hai o servizo.

Dona M^a Jesús González Roel contesta que non, que de momento non hai servizo. Di que ese servizo ten que prestalo un taxista, trátase dun investimento dun empresario, e de momento non decidiron investir nun taxi adaptado, ela está negociando con eles, falon moitas veces e aínda se reuniron hai pouco, pero de momento non se pode obrigar a ningún. Explica que polo número de habitantes que ten Cambre de momento non é totalmente obrigatorio ter un taxi adaptado, pero están loitando por iso, xa que en breve si será obrigatorio e valería a pena que alguén que tivera que cambiar o coche o fixera agora para un taxi adaptado. Iso é no que están, en negociacións, pero a día de hoxe, de momento non contestaron que si.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno pídelles ao voceiro do PP que sexan serios e que non intenten chamar tonto a ninguén, e menos, evidentemente, aos veciños que asisten ao pleno. Di que o 6^o voto particular, que fala de atrasar o prazo de devolución das matrices por parte dos beneficiarios ao 30 de decembro, é o mesmo texto que estaba vixente nas subvencións do 2012.

Dona M^a Jesús González Roel dille que non se lembra exactamente, pero cre que dicía día 25 ou 28.

Don Augusto Rey Moreno manifesta que 28 ou 30, é o mesmo, pregunta que diferenza hai, ningunha, o tema é igual, o que pasa é que queren crear un alarmismo absolutamente inexistente, se din que non se paga, tanto aos beneficiarios como aos taxistas.

Don Felipe Andreu Barallobre intervén para dicir que a oposición por suposto pode decidir o que queira, que despois quen o executa son eles.

Don Augusto Rey Moreno pide que o deixen continuar, porque el non interrompeu a ninguén. Manifesta que nas anteriores bases dicía expresamente que *“Unha vez finalizado o período de validez dos bonos e antes do 30 de decembro de 2012, a matriz xunto cos bonos sobrantos, no seu caso, haberán de ser devoltos aos Servizos Sociais do concello...”*. Pregunta se está claro, que esas son as bases, por iso pide que nin o intenten enganar a el, nin intenten enganar a ninguén, o que serviu para o 2012 pode servir igual para o 2013. Por outra parte, este ano van contar con máis prazo, porque están aprobando as bases no mes de febreiro, polo que se vai poder executar con máis tranquilidade.

Dona M^a Jesús González Roel explica que o ano pasado precisamente se alongou máis o prazo porque se atrasou a aprobación do bono-taxi, e practicamente tiveron menos de tres meses para beneficiarse do servizo, por iso se ampliou o prazo ao máximo, pero o feito de que os usuarios cheguen a entregar os bonos sobrantos o último día a Asuntos Sociais, supón que as traballadoras o día 30 e 31 teñen que quedarse, non sabe ata que hora, para poder comprobar todas esas facturas e mandalas a Intervención antes do día 31, e máis xa terían que estar alí o día 28. Di que o ano pasado fíxose un esforzo especial precisamente polo pouco tempo que tiñan, pero ela cre que este ano, se se aproba hoxe, xa van ter dende o mes de marzo, ou contando coa publicación no BOP, dende finais de marzo ou abril, para solicitar a axuda e non hai motivo para discutir sobre fixar o día o 28 ou o 30. Considera que están discutindo por algo que non ten sentido de ningún tipo, cando isto vai supoñer un prexuízo importante aos traballadores de asuntos sociais, que van estar o día 30 e 31 terminando de tramitar todas esas facturas para poder subilas a Intervención, ese é o único motivo.

Don Augusto Rey Moreno di que terían que estar aquí os funcionarios para ver se foron prexudicados nese sentido ou se non tramitaron isto nos primeiros días de xaneiro, ou incluso a mediados de xaneiro, como ten ocorrido de feito, segundo ten entendido. Conclúe dicindo que nada máis, e que eles manteñen, dende logo, os votos particulares nos termos que presentaron.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto manifesta que é unha mágoa, vendo como defenden a honra e o traballo dos funcionarios con decisión, é unha mágoa que non o defenderan igual co tema da paga extra, di que iso si que é demagogia.

A Sra. presidenta dille á voceira do BNG que non está no uso da palabra. Pídelle que fale do tema do que están falando agora, e se non, que faga un mitin noutro lado.

Dona M^a Victoria Amor Prieto contesta que non está facendo ningún mitin, só está comentando que a honra, a defensa que fai dos funcionarios, é unha mágoa que non sexa sempre.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre pregunta á secretaria da Corporación, como unha cuestión de orde, se para recorrer este tema teñen que votar en contra.

A secretaria contesta que así é.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López manifesta que o que van facer recorrendo isto é conseguir que tarden máis en entrar en vigor as axudas.

Don Felipe Andreu Barallobre pídelles que non trate de botarlles a eles a responsabilidade.

Don José Antonio Baamonde López manifesta que o que non se pode facer, como dixeron antes outros voceiros, é dicir que os taxistas non van cobrar, porque iso é falso, e o Sr. Andreu sabe que é falso, ademais, dependerá do equipo de goberno que os orzamentos do 2014 entren en vigor o 1 de xaneiro de 2014, porque se entregan os orzamentos no mes de outubro, como é preceptivo, poden aprobalos e o 1 de xaneiro ter orzamento.

Don Felipe Andreu Barallobre expón que el o único que lles quere lembrar é que esta proposta, despois de moitas demandas, de anos de demandas dos usuarios, esta proposta a trouxo a concelleira de Servizos Sociais actual, non a trouxo ninguén máis, e, evidentemente, ela trae agora unha proposta ao pleno que se ve totalmente desvirtuada, despois da aprobación dos votos particulares é unha ordenanza totalmente. Di que xa non é a súa proposta, é a proposta da oposición, e se é así, se isto non se pode aplicar e se isto trae consecuencias negativas para os veciños, deben asumir a responsabilidade eles, e non intentar transmitila ao goberno municipal. Son eles os que están modificando as bases, non é o goberno municipal, son eles, e están a facer a proposta súa, xa non é a proposta do goberno nin da concelleira, é a proposta da oposición.

Sometidos a votación ordinaria os votos particulares presentados polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, o concelleiro presente de EU, os dous concelleiros do BNG e don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC, integrante do GM, e votan en contra os seis concelleiros presentes do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro do PGD, integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por doce votos a prol aprobou os votos particulares presentados polo grupo municipal do PSdeG-PSOE ao ditame das comisións informativas de data 26 de febreiro de 2013, e que foron rexistrados de entrada ao núm. 2685 o día 27 de febreiro de 2013.

A continuación, sométese a votación ordinaria o ditame emitido polas comisións informativas o día 26 de febreiro de 2013, modificado polos votos particulares

presentados polo grupo municipal do PSdeG-PSOE. Votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, o concelleiro presente de EU, os dous concelleiros do BNG e don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC, e votan en contra os seis concelleiros presentes do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro do PGD.

A Corporación, por doce votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria de bono-taxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o exercicio do 2013, tal e como se transcriben a continuación, así como o gasto correspondente:

BASES DA CONVOCATORIA DE BONO-TAXI PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E MOBILIDADE REDUCIDA PARA O EXERCICIO DO 2013

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente convocatoria ten por obxecto establecer o procedemento para a concesión de axudas económicas individuais para proporcionar un medio alternativo de transporte adaptado a aquelas persoas con discapacidade, gravemente afectadas na súa mobilidade, e que teñen dificultades para utilizar o transporte público colectivo.

O Concello de Cambre, a través da Concellería de Igualdade, Benestar social, Sanidade e Educación, e con base nas competencias que lle son propias, considera, por segundo ano consecutivo, aprobar o programa denominado BONO-TAXI, que ten por obxecto establecer axudas económicas para posibilitar un medio alternativo de transporte a este colectivo.

De conformidade co disposto nas leis que a continuación se expoñen, e co fin de conquistar unha maior integración das persoas con discapacidade, establécese este sistema de axudas económicas sustentadas sobre a seguinte fundamentación xurídica:

A Lei 13/1982, de 7 de abril, de integración social de minusválidos, onde os seus principios rectores se fundamentan no artigo 49 da Constitución Española e que obriga aos poderes públicos a prestar ás persoas discapacitadas todos aqueles medios que resulten necesarios para o efectivo exercicio dos dereitos fundamentais.

A Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, ten por obxecto adoptar medidas tendentes a facer efectivo o dereito á igualdade de oportunidades e a evitar ou compensar as desvantaxes das persoas con algunha discapacidade para participar plenamente na vida política, cultural, económica e social.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, sinala como competencias municipais a creación e a xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizo de carácter integrado os que os constitúen na principal instancia do sistema para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación social e laboral.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local establece no seu artigo 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan á satisfacción de necesidades da comunidade veciñal.

Tamén no seu artigo 25.2 k) expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais de reinserción social. Pola súa parte, o artigo 26.1 do mesmo texto legal establece que os municipios de máis de 20.000 habitantes deberán prestar, en todo caso, os servizos sociais.

O Concello de Cambre, a través da Concellería de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, en cumprimento co disposto nas mencionadas leis e co obxecto de conquistar unha maior integración das persoas con discapacidade, quere establecer un sistema de axudas que facilite o acceso aos eurotaxis. Para a plena efectividade deste proxecto elabóranse as presentes bases que regulan o sistema de adxudicación dos bono-taxis, así como a súa contía.

PRIMEIRA – OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente disposición ten por obxecto aprobar as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións destinadas a proporcionar un medio alternativo de transporte adaptado a aquelas persoas con discapacidade, gravemente afectadas na súa mobilidade, e que teñen dificultades para utilizar o transporte público colectivo.

Concrétase na concesión dunha axuda económica individual que, en forma de bonos, permita ás persoas beneficiarias a utilización do servizo de taxi adaptado (eurotaxi) para os seus desprazamentos persoais.

No caso de existir eurotaxi no municipio de Cambre haberá que empregar o do municipio e noutro caso, poderase recorrer aos eurotaxis máis próximos sempre que exista dispoñibilidade.

SEGUNDA- FINANCIAMENTO

Para a concesión destas axudas existe crédito no actual orzamento municipal prorrogado, na aplicación orzamentaria “2013 233 223 Programa transporte adaptado” por importe de 10.000,00 euros.

A máxima cantidade a percibir a través dos bonos por beneficiario/a será de 500 euros ao ano.

TERCEIRA – REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

1. Poderán solicitar a subvención as persoas con discapacidade e mobilidade reducida que reúnan os seguintes requisitos:

- Estar empadroadado no municipio de Cambre cunha antigüidade dun ano, anterior á apertura do prazo da solicitude e permanecer de alta no padrón de habitantes municipal mentres se perciba a axuda.
- Ser maior de 4 anos.
- Ter recoñecida a condición legal de minusválido, en grao igual ou superior ao 33% e mobilidade reducida que impida empregar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de minusvalía, emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO), dependente da Xunta de Galicia.
- Carecer, calquera membro da unidade de convivencia, de vehículo propio adaptado para a súa condución e no caso de telo poderán solicitar esta axuda soamente para aqueles períodos, nos que, por causas sobrevidas debidamente xustificadas, non poidan utilizalo.
- Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, coa seguridade social e coa facenda autonómica e local, e non atoparse inhabilitados para a obtención de subvencións públicas. Para os efectos anteriores terá que autorizar ao concello, mediante impreso normalizado, para a comprobación dos datos fiscais.

- Para os traballadores, non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro título acreditativo deste beneficio, ou non ter dereito a este servizo a través de MUFACE, ISFAS ou outra entidade.
- Non poderá dispoñer cada membro da unidade de convivencia dunha renda per cápita anual superior a 1,50 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), vixente para cada exercicio.

2. Considérase unidade de convivencia a todas aquelas persoas que convivan nun mesmo domicilio, constando con tal carácter nun rexistro público.

3. Considérase que existe unha unidade de convivencia independente, aínda que vivan no mesmo domicilio, no seguinte suposto:

- A constituída por persoas, con ou sen fillos, que se atopen en proceso de nulidade, separación ou divorcio legal; cesamento acreditado de relación análoga á conxugal.

4. Para os efectos desta convocatoria, para a determinación da renda anual terase en conta a suma da base imponible xeral máis a base imponible do aforro, declaradas ou declarables no imposto sobre a renda das persoas físicas do exercicio 2011 e correspondentes a cada un dos membros computables da unidade familiar, e dividido polo número de membros que a integran.

A súa contía calcularase conforme ao resultado da realización da seguinte operación, coas cantidades que figuren nas casillas que se indican, das declaracións do IRPF ou certificado de renda ou prestacións para o exercicio 2011: Casilla 455 + Casilla 465.

Se non constan as referidas casillas, a casilla 455 Base imponible xeral será o resultado das seguintes operacións: (450)-(451)+(452)-(453)-(454).

A casilla 465 Base imponible do aforro será o resultado das seguintes operacións: (457)-(458)+(460)-(461).

Nos supostos de non efectuar declaración da renda no exercicio 2011, por non estar obrigado a iso, teranse en conta a suma dos rendementos do traballo, rendementos do capital mobiliario, ganancias patrimoniais sometidas a retención menos os gastos deducibles do traballo.

CUARTA – SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As axudas serán solicitadas polas persoas beneficiarias ou por quen ostente a súa representación, nos supostos de menores de idade ou persoas con declaración de incapacidade legal.

2. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do Concello de Cambre, situado na planta baixa da Casa Consistorial, rúa Adro, núm.1 ou no rexistro auxiliar de entrada, situado nos baixos onde actualmente se atopan as oficinas de Cultura, Educación, Deportes e Servizos sociais, na rúa Río Barcés núm. 8 da Barcala, en horario de 12:00 a 14:00 horas ou una Casa das Palmeiras no Temple, en horario de 09:00 a 11:00 horas, segundo o modelo oficial de solicitude (Anexo I), acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do libro de familia. Certificación ou copia compulsada de inscrición de matrimonio, parella de feito, unión non matrimonial ou calquera outro tipo de unidade de convivencia debidamente rexistrada.

- Fotocopia compulsada do DNI ou no seu defecto do NIE do solicitante ou do representante legal de ser o caso. E documentación acreditativa da patria potestade ou representación legal do menor (libro de familia ou resolución xudicial).
- Fotocopia compulsada do certificado oficial de minusvalía da persoa beneficiaria, expedido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO), no que conste que ten dificultades para a utilización do transporte público colectivo.
- Documentación acreditativa de ser beneficiario, no seu caso, do servizo galego autonómico de apoio á mobilidade 065.
- Anexo II de declaración responsable da persoa beneficiaria, na que se faga constar:
 - Que o solicitante non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición para a obtención de subvencións públicas.
 - Non ser titular de vehículo propio adaptado para a conducción, nos termos reflectidos na base terceira da convocatoria.
 - Non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro a través de ISFAS, MUFACE,...
 - Aceptar as actuacións de comprobación que acorde o equipo técnico dos servizos sociais municipais.
- Autorización, asinada por todos os membros da unidade familiar computables, para que o Concello de Cambre poida solicitarlle datos tributarios á axencia tributaria relativos ao seu nivel de renda e ao cumprimento por eles das súas obrigas tributarias, segundo Anexo III.
- No suposto de que o solicitante ou algún dos membros da unidade de convivencia non estean obrigados a presentar a declaración anual do IRPF, a xustificación de ingresos efectuarase mediante:
 - Certificados ou cartas de actualización das pensións emitidas polo Instituto da Seguridade Social ou outros organismos competentes, indicando a contía mensual que perciban os membros da unidade de convivencia que sexan pensionistas ao longo do exercicio do 2013, de ser o caso.
 - Fotocopia compulsada das 2 últimas nóminas dos membros da unidade de convivencia que estean traballando, de ser o caso.
 - Certificado do INEM, no que se reflicte a contía das percepcións económicas que perciban os membros da unidade de convivencia que se atopen en situación de desemprego, de ser o caso.
 - Certificado acreditativo de desempeñar actividade formativa (incluíndo cursos de formación), dos maiores de 18 anos, de ser o caso.

QUINTA – PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase ao día seguinte da publicación da presente convocatoria no BOP e rematará o 30 de novembro.

De forma excepcional poderanse admitir solicitudes fóra deste prazo cando concorran algún dos seguintes supostos:

- Recoñecemento da discapacidade que afecte gravemente á mobilidade e impida a utilización do transporte público colectivo en data posterior á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

- Calquera outra circunstancia de especial urxencia segundo valoración do equipo técnico de servizos sociais.

O departamento correspondente revisará os expedientes de solicitudes e verificará que conteñan a documentación esixida. Se resultase que a documentación está incompleta ou defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de DEZ días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

SEXTA – TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA

1.- Xunto coa documentación presentada en modelo oficial, en calquera dos rexistros de entrada do Concello de Cambre ou en calquera outro dos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, incorporarase de oficio o volante de empadramento.

2.- Unha vez recabada toda a documentación esixida, o equipo técnico municipal de servizos sociais, emitirá un informe proposta acerca do cumprimento ou non dos requisitos esixidos na base terceira da presente convocatoria.

O procedemento de concesión destas subvencións axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que pola finalidade da axuda non se considera adecuado fixar unha orde de prelación entre as solicitudes.

3.- Con base na proposta formulada, as axudas serán concedidas ou denegadas por resolución da Alcaldía ou concellería delegada, no seu caso.

4.- O prazo máximo de resolución e notificación ao interesado será de 30 días hábiles contados dende a recepción da totalidade da documentación requirida.

5.- Unha vez recibida a resolución de concesión de axuda, terán que pasar persoalmente a recoller os bono-taxi polas dependencias de servizos sociais municipais do Concello de Cambre, sito en Río Barcés, núm. 8 da Barcala (Cambre).

O importe individual dos bonos será en función do número de solicitudes validadas, cun tope de 500 euros por beneficiario, dividindo o crédito dispoñible na aplicación orzamentaria entre o número de usuarios admitidos, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes.

6.- Remitirase aos titulares dos eurotaxis accesibles un listado coas persoas beneficiarias das axudas.

SÉTIMA – REGULACIÓN NO USO DO BONO-TAXI

Os bono-taxis emitiranse en soporte papel. O seu uso é persoal e intransferible. Expediranse nas oficinas de servizos sociais do Concello de Cambre, onde se entregarán aos beneficiarios, estando estes obrigados a cumprir as normas establecidas para esta axuda.

As persoas beneficiarias entregarán os bono-taxi por viaxe, debidamente cuberto, ao taxista como contraprestación do transporte, podendo empregarse todos os bonos que sexan precisos por servizo. Presentarase o DNI ou NIE do beneficiario no momento de facer o pago do servizo a través dos bono-taxis.

Os bono-taxis expediránse por importe de 0,5 euros, 1 euro, 5 euros, 10 e 15 euros. O beneficiario aportará a moneda fraccionada correspondente por importe inferior a 0,5 euros.

Os bono-taxis terán validez anual, e só poderán empregarse ata o 17 de decembro de 2013.

Poderán empregarse os bonos-taxis para servizos dentro da provincia da Coruña.

Os bono-taxis deberán conter:

- Valor do bono.
- Número de bono.
- DNI ou NIE do beneficiario.
- Nome e apelidos do beneficiario.
- Sinatura do beneficiario.
- Núm. licenza taxi.
- Data de expedición do bono.
- Importe traxecto realizado.
- Traxecto realizado.

Cando a utilización desta prestación non se axuste á normativa establecida nestas bases dará lugar á perda do dereito de desfrutar desta axuda.

Os bonos empregaranse para:

- Xestións administrativas (bancos, xestorías, concello, Seguridade Social, Facenda, Axencia Tributaria,...).
- Visitas médicas.
- Actividades culturais, deportivas, educativas e de lecer.
- Outras a valorar polo departamento municipal de servizos sociais.

No momento en que o taxista facture ao concello os servizos prestados, haberá de presentar adxunto á factura os bonos empregados, agrupados por cada traxecto, e polo menos no primeiro deles constarán cubertos todos os datos indicados anteriormente.

OITAVA – OBRIGAS DA PERSOA BENEFICIARIA

As axudas do bono-taxi son persoais e intransferibles, debendo utilizalos para a finalidade para a que foi concedida.

Unha vez finalizado o periodo de validez dos bonos e antes do 30 de decembro de 2013, a matriz xunto con bonos sobrantes, no seu caso, haberán de ser devoltos aos Servizos sociais do concello para os efectos de control do uso dado a estes.

A falsidade dos documentos presentados para a concesión da axuda ou as irregularidades do uso dos bono-taxis entregados, dará lugar ao reintegro do importe dos bono-taxis empregados e á devolución dos pendentes de uso, así como á reclamación dos xuros de contrinximento correspondentes a computar dende o momento en que teñan lugar os respectivos pagos, sen prexuízo de quedar excluídos en futuras convocatorias.

NOVENA – TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

Os datos persoais que deban facilitar os solicitantes, o serán para os efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter esta axuda e serán tratados para os efectos da súa concesión, sendo responsable do tratamento dos datos a Concellería de Igualdade, Benestar social, Sanidade e Educación.

Para os efectos da Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o solicitante ou representante legal, así como calquera outra persoa ou persoas que acheguen datos persoais á solicitude, autorizan ao Concello de Cambre, a través da Concellería de Igualdade, Benestar social, Sanidade e Educación, área de Servizos Sociais, a incorporar os datos recollidos a un ficheiro automatizado responsabilidade desta concellería, que ten por finalidade dar cumprimento ás funcións a realizar dentro do proceso de trámite, xestión e prestación de servizos públicos encomendados coa implantación da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e o seu desenvolvemento regulamentario, así como para a xestión doutros servizos ou programas de iniciativa municipal complementario a aqueles.

ANEXO I

SOLICITUDE DE BONO-TAXI

A. DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
			TELÉFONO
DATA DE NACEMENTO	LUGAR	PROVINCIA	ESTADO CIVIL
DOMICILIO	COD. POSTAL	MUNICIPIO	

B. DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
DOMICILIO		MUNICIPIO	PROVINCIA
COD. POSTAL	TELÉFONO	TÍTULO DE REPRESENTACIÓN:	

C. DATOS SOBRE A UNIDADE DE CONVIVENCIA. COMPOSICIÓN

PERSOAS INTEGRANTES DA UNIDADE DE CONVIVENCIA	NIF	PARENTESCO COA/CO SOLICITANTE	DATA DE NACEMENTO
SOLICITANTE			

D./D^a _____, como (solicitante ou representante legal) DECLARA:

Que todos e cada un dos datos consignados na presente solicitude son certos e comprobables documentalmente, quedando enterado/a que o ocultamento ou falsidade deles dará lugar á esixencia das responsabilidades que diso puideran derivarse, así como da obriga de comunicar ao CONCELLO DE CAMBRE, calquera variación dos datos declarados ou acreditados que puideran producirse no sucesivo.

Que de conformidade co establecido na normativa reguladora das subvencións públicas, DECLARA non estar incurso en ningunha causa de prohibición para ser considerado beneficiario de subvencións e atoparse ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.

Cambre, a _____ de _____ de 201__

Asdo:

NOTA INFORMATIVA: Os datos recollidos na presente solicitude facilitaránse de forma voluntaria; en caso de non facelo non será posible o seu trámite. Estes datos serán incorporados a un ficheiro automatizado coa exclusiva finalidade da resolución do expediente, cuxo tratamento é responsabilidade da dirección do Concello

de Cambre, área de Servizos Sociais, e respecto deles, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal.

Existe a posibilidade de cesión dos datos a outras administracións, entidades ou organismos públicos ou privados, para o cumprimento de fins directamente relacionados coas funcións lexítimas destas entidades e do Concello de Cambre.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO CONCELLO DE CAMBRE

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA BENEFICIARIA

D./Dña _____ con DNI núm. _____

Representante legal
D./Dña _____ con DNI núm. _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Atoparme ao corrente do cumprimento das miñas obrigas coa Axencia Tributaria estatal, Facenda da Xunta de Galicia, e co Concello de Cambre, e coa Seguridade Social.

- Non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para a obtención de subvencións públicas.

(Marquese cun X a opción que corresponda)

- Estar obrigado a presentar declaración anual do IRPF SI NON

- Ser titular de vehículo adaptado propio para a conducción SI NON

(En caso de resposta afirmativa, poderán solicitar esta axuda soamente para aqueles períodos, nos que, por causas sobrevenidas debidamente xustificadas, non poidan utilizalo.)

- Non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro a través de ISFAS, MUFACE,...

- Aceptar as actuacións de comprobación que acorde o equipo técnico de servizos sociais do Concello de Cambre.

Cambre, de de 2013

O/A solicitante ou Representante legal

Asdo.:

ANEXO III

MODELO DE AUTORIZACIÓN

Autorización para a cesión de información relativa ao nivel de renda e ás obrigacións tributarias co Estado e a Comunidade Autónoma e a Seguridade Social para os efectos de solicitude de bono-taxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o 2013, a cubrir por todos os membros da unidade de convivencia maiores de 18 anos.

NOME E APELIDOS	ENDEREZO	DNI	SINATURA

autorizamos ao concello de Cambre para solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre o nivel de renda e sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, para os efectos de **solicitude de bono – taxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o 2013.**

Lugar, data e sinatura”

ANEXO IV

MODELO BONO – TAXI

BONO - TAXI
 Importe: 0,5 euros/1 euro
 5, 10,15 euros

Bono-Taxi núm.: _____/2013
 Data de expedición: _____
 Nome e apelidos: _____
 Núm. do DNI ou NIE: _____
 Traxecto realizado: _____
 Importe total do traxecto: _____
 Núm. licencia taxi: _____

O/A beneficiaria ou representante legal

Sinatura

ESTE BONO TERÁ VALIDEZ COMO MODO DE PAGAMENTO ATA O 01 DECEMBRO 2013.

No momento en que o taxista facture ao concello, os servizos prestados, haberá de presentar adxunto á factura os bonos empregados, agrupados por cada traxecto e polo menos no primeiro deles constarán cubertos todos os datos indicados anteriormente.

Segundo: Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia, así como na páxina web, paneis informativos e demais medios de comunicación co obxecto de darlle a maior difusión e publicidade á axuda.

5º Designación de representante do Concello de Cambre na Comisión de Escolarización, curso 2013-2014

Vista a proposta da Alcaldía de data 7 de febreiro de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 26 de febreiro de 2013.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que a proposta simplemente o que recolle é que á comisión de escolarización deste ano vaia a concelleira de Educación.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro do PGD, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, o concelleiro presente de EU, os dous concelleiros do BNG, e don José Antonio Baamonde, concelleiro de PdeC.

A Corporación, por sete votos a prol, acordou:

Primeiro: Designar representante do Concello de Cambre na comisión de escolarización, curso 2013-2014, a dona M^a Jesús González Roel.

Segundo: Comunicar a citada designación á Xefatura Territorial da Coruña, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para os efectos oportunos.

6º Proposta de modificación do Regulamento orgánico municipal

A Sra. presidenta di que van pasar a tratar o punto de mocións ou propostas urxentes, e ante a pregunta de dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, explica que este punto quedou sobre a mesa e será tratado no vindeiro pleno.

Dona Margarita Iglesias Pais manifesta que isto haberá que votalo.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, contesta que non, que este punto foi retirado nas comisións informativas.

Dona Margarita Iglesias Pais pregunta onde vén iso.

A secretaria da Corporación expón que ela nas comisións xa recolleu que quedaba para outro pleno, foi na propia comisión informativa, e iso foi o que recolleu.

Don Felipe Andreu Barallobre reitera que está retirado.

Dona Margarita Iglesias Pais expón que o Regulamento orgánico municipal di que a retirada dun punto da orde do día ten que propoñerse por un concelleiro.

A secretaria da Corporación explica que xa o propuxo a comisión informativa que tiveron o martes.

Don Felipe Andreu Barallobre di que claro, que xa foi na comisión informativa, e que está na competencia do Sr. alcalde retirar un punto da orde do día, sempre e cando requira informes, para que se incorporen.

Dona Margarita Iglesias Pais di que non.

A secretaria da Corporación reitera que na propia comisión informativa se quedou en que quedaba para outro pleno, polo que non ten obxecto agora, dilles que se queren volver a votalo, ben, pero que na comisión informativa se ditaminou iso, e foi o que ela recolleu.

Dona Margarita Iglesias Pais expón que na comisión informativa non houbo votación de ningún tipo, o Sr. Andreu pediulle a dona M^a Jesús que fixera unha retirada do punto da orde do día, no exercicio dunhas competencias do alcalde que non entende onde se xustifican, porque segundo o artigo 109 do ROM, para retirar un punto da orde do día é necesario que se solicite por un concelleiro, se é para a incorporación de informes, ou quedar enriba da mesa, e en ambos casos a petición será votada.

Don Felipe Andreu Barallobre di que iso é no pleno.

Dona Margarita Iglesias Pais contesta que é o suposto de retirada dun punto da orde do día.

A Sra. presidenta manifesta que ela cre que isto está suficientemente claro e que nas comisións quedou enriba da mesa para o próximo pleno, iso é no que se quedou á espera de informe municipal, da Intervención ou da Secretaría. Di que foi o que pasou, polo que pasan ao seguinte punto da orde do día.

7º Mocións ou propostas urxentes

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, o concelleiro presente de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Moción do grupo municipal de EU para o acceso público aos bens e patrimonio dos membros da Corporación

Rexistrada de entrada ao núm. 2479 o día 23 de febreiro de 2013, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“O apartado 3 da Disposición adicional novena da Lei 8/2007, de 28 de maio, do solo, modificou o artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, onde os concellos teñen a obrigaón de facer pública a declaración de bens de todos/as os representantes electos que compoñen a Corporación municipal, segundo a modificación da dita lei.

Considera o grupo de EU-IU, que o desempeño de calquera cargo de representación política municipal aconsella a maior coherencia posible cos valores éticos do noso ordenamento xurídico.

O continuo goteo de irregularidades en distintas administracións públicas e a acumulación de graves escándalos de corrupción danan a credibilidade das institucións, da política, dos políticos e do propio sistema democrático, provocando a desafección cidadá dando pé ás afirmacións inxustas de que “*todos son iguais*”.

Para contribuír a manter esta confianza debemos dar a coñecer de forma transparente, e en todo momento os bens e as actividades dos concelleiros/as que teñan carácter lucrativo ou que afecten ao ámbito de competencias da Corporación municipal.

A falta de transparencia e os obstáculos que frean a participación cidadá, o menosprezo dos valores éticos e solidarios, contribúen tamén á aceptación deste fenómeno delituoso e propician unha cultura colectiva baseada no individualismo e no egoísmo, en detrimento dos intereses xerais.

Na anterior lexislatura a iniciativa do noso grupo modificouse o ROM, co fin de adaptalo á Lei do solo, contemplado na propia Lei 8/2007, de 28 de maio. En particular, regulouse a presentación anual das liquidacións de impostos sobre a renda, patrimonio e, no seu caso, sociedades, e a publicidade dos rexistros de actividades e de bens patrimoniais dos membros da Corporación.

O obxectivo desta proposta é marcar unha liña de intervención e actuación política, defendendo a claridade absoluta para prestixiar a xestión pública, así, esta iniciativa reforza a intención de “seguir velando pola transparencia na institución local” tal e como temos proposto en diversas ocasións.

Corresponde por tanto ao Concello de Cambre, neste caso ao goberno, cumprir coa lei e levar a cabo a publicación nos termos contemplados no ROM.

Polo exposto o grupo municipal de Esquerda Unida propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Único: Que o goberno local dea as ordes oportunas para facer público mediante a web municipal, as declaracións de bens patrimoniais e actividades dos membros da Corporación do Concello de Cambre, segundo o contemplado nas leis vixentes e nos artigos 30, 31, 32, 33 e 34 do Regulamento orgánico municipal do concello.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que non é a primeira vez que falan deste tema, esta moción xa se presentou nalgunha outra ocasión, incluso na pasada lexislatura, e estando outro goberno aquí déuselle a mesma contestación que lle van dar agora mesmo, que é que o que está propoñendo o Sr. Taibo Casás é que incumpran a Lei de protección de datos. Di que eles o que non poden facer é publicar os datos de persoas que non lles dan o seu consentimento para que os publiquen, quen queira publicar os seus datos, as súas declaracións de bens, a súa declaración da renda, pode facelo, é voluntario, calquera concelleiro pode

publicalo nunha páxina web, pero aínda sen iso, transparencia toda, porque para que o saiban todos, que teñen que sabelo, aquí parece que é todo moi escuro, pero calquera veciño, calquera dos presentes, incluso o Sr. Taibo como debería saber, pode ir mañá ao rexistro municipal e pedir unha copia, por exemplo, da súa declaración de bens, saber o que el ten, saber o que gaña, pode sabelo mañá, ir por rexistro, solicitalo, e a Sra. secretaria, que ten o rexistro baixo a súa custodia, facilitarallo, sen ningún problema, evidentemente cumprindo os requisitos.

En canto ao tema de facer públicos os datos, iso dependerá da vontade de cada un, a vontade que teña cada concelleiro de querer facer públicos eses datos, e os da súa familia, porque, evidentemente, dentro da declaración de bens e da declaración da renda, van datos non só persoais, senón tamén da familia, por iso, se o Sr. Taibo ten a intención de facelos públicos, el ánimoo a que o faga, e el, se ten intención de facelos públicos, os fará.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que, comezando polo final, eles xa os teñen feito públicos, os datos dos concelleiros de EU xa están publicados na súa web e son públicos. Efectivamente, na pasada lexislatura presentouse unha primeira moción para modificar o Regulamento orgánico municipal, para que ese regulamento permitira, como así o contempla a Lei do solo, que se publicaran os bens dos membros da Corporación, e se non que lle corrixa a Sra. secretaria, porque foi asunto de bastante debate na pasada lexislatura. El cre que, segundo contemplan os artigos mencionados do 30 ao 34 do ROM, teñen obrigación de que se publiquen os datos na web municipal, así o contempla o regulamento, non se saca nada da manga. Di que el non ten ningunha intención de vir ao concello e pedir os datos do Sr. Andreu, nin os seus nin os de ninguén, pero si ten a obrigación de que se faga cumprir a lei. Pregunta á secretaria da Corporación se o regulamento contempla ou non que os concelleiros do Concello de Cambre teñen obrigación de publicar a súa declaración de bens na páxina web.

A Sra. secretaria contesta que si, que o di o regulamento, pero que ela tamén fixo no seu día un informe dicindo que ela ía pedir a cada concelleiro que lle dera a súa conformidade para publicar eses datos na páxina web.

Don Luis Miguel Taibo Casás pide que lle expliquen onde está iso recollido no ROM. Di que o ROM é moi claro, que precisamente se modificou para facer o que está dicindo el, e pregunta á Sra. secretaria se non foi así, se teñen ou non a obrigación de publicar a declaración de bens na páxina web municipal.

A Sra. secretaria responde que segundo o Regulamento orgánico municipal, si, pero que se hai algún concelleiro que non queira que se publiquen, ela loxicamente non o pode facer, non pode publicalo na páxina web. Os rexistros son públicos e poden ir a Secretaría a pedir información, pero na páxina web, o que é na páxina web, no seu día fixo un informe a ese respecto. Di que é certo que se aprobou que se publicaba, e todos estaban de acordo, pero se algún concelleiro non quere que se publique na páxina web, ela non o vai facer.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que a ver se se entenden, o regulamento contempla que hai que publicar a declaración de bens, pregunta onde está no regulamento que teñen que asinar a súa conformidade.

A Sra. secretaria contesta que son datos persoais.

Don Luis Miguel Taibo Casás insiste en que son datos públicos, é publico en todos os sitios, por iso a xente se pregunta por que os concelleiros de Cambre non publican as súas declaracións de bens, di que a el llo pregunta moitísima xente.

A secretaria di que non se preocupe, que pasará un escrito a todos os concelleiros.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que o sentido e a filosofía da moción presentada na anterior lexislatura, e a Sra. secretaria o sabe perfectamente, foi este, e foi motivo de moito debate. Di que polo menos el e a súa compañeira entregaron a súa declaración ao comezo da lexislatura, e incluso xa antes de que se modificara o regulamento, os concelleiros de EU tiñan posto en coñecemento da secretaria da Corporación que a súa declaración era libre para todo o mundo, que se podía acceder a ela.

Pide que se faga cumprir o regulamento e que se publiquen os datos na páxina web, sen máis problema. A el non se lle ocorre vir ao concello e pedir a declaración de ninguén, pero teñen a obrigaón, e así o recolle o regulamento, de publicalas, por iso pide que fagan cumprir a lei.

A secretaria da Corporación di que mandará o correspondente escrito.

Don Luis Miguel Taibo Casás pide, entón, que non lle bote ningún sermón o Sr. Andreu dicindo que non se pode publicar, que o regulamento así o contempla. Pregunta se non queren cumprir o regulamento, e se queren, entón só queda ir para adiante, nada máis.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre pide ao voceiro de EU que non trate de insinuar que eles queren ou teñen unha xestión escura, falta de transparencia, calquera cousa, porque sabe que é totalmente mentira, o sabe de sobra. Dille que el o que non pode facer é publicar eses datos sen o consentimento dos interesados, pero se o Sr. concelleiro llo dá, entón el publicaraos. Tampouco a secretaria pode publicar os datos de ninguén, entre outras cousas, volve a repetilo, porque aí aparecen datos sensibles, datos protexidos pola Lei orgánica de protección de datos, datos que non só son dos concelleiros, son dos concelleiros e das súas familias, e por iso non é tan sinxelo. Di que quen queira publicalos, pode facelo, se o Sr. Taibo quere que publiquen os seus datos na páxina web, eles os publican sen ningún problema, pero pídelle que non intente obrigar aos demais a que o fagan, porque ao mellor hai algunha persoa que non lle apetece que todo o mundo saiba cal é o seu DNI, que saiba cal é a matrícula do seu coche, que saiba cal é a referencia catastral da súa vivenda, non teñen por que querer que a xente o saiba.

Conclúe dicindo que é unha cuestión opinable, e a el persoalmente, xa llo anuncia, non lle molestará para nada que calquera persoa, se o Sr. Taibo non quere que non o

faga, pero calquera persoa que queira consultar a súa declaración de bens, que o vaia facer, non lle vai parecer mal, porque non ten nada que ocultar, e aí están para consultalas, vólvelle asegurar que a el non lle vai molestar, outra cousa é que queira facer os datos públicos e que aparezan por aí sen control.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás di que, para rematar, el lembra perfectamente, e cre que os que estiveron na pasada Corporación tamén se teñen que acordar, que se modificaron os impresos onde cubren a declaración de bens precisamente para que se puideran publicar, porque ese era o ánimo, esta moción é unha moción en ánimo á transparencia e á dignificación da vida política. Dille ao Sr. Andreu que coa que está caendo, e a este paso, dentro de pouco non sabe se van ter que sacar ata o retrato do rei do salón de plenos, por iso teñen que ver se contribúen todos a dignificar a vida política. Como dixo antes, a filosofía da pasada lexislatura de cambiar os impresos para facer a declaración, foi precisamente para que se puideran publicar, e por iso se obviaron moitos datos, incluso os números de conta, lembra perfectamente que foi así, e a Sra. secretaria o pode confirmar. Se o goberno lle quere buscar tres pés ao gato, que os busquen, pero el quere que o Concello de Cambre sexa transparente, e que se faga cumprir a Lei do solo, iso é o que pide.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que o Concello de Cambre é transparente, e pregúntalle de novo ao voceiro de EU se non o é.

Don Luis Miguel Taibo Casás contéstalle que son miles e miles as declaracións publicadas, de practicamente todos os concellos do país.

Don Felipe Andreu Barallobre pídelle que o diga abertamente, que non lance a pregunta ao aire, pregúntalle se o Concello de Cambre non é transparente.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que el non dixo que non fora transparente, el o que dixo é que teñen que traballar en pro da transparencia, en todos os sentidos, porque iso non está de máis, canta máis transparencia, mellor.

Don Felipe Andreu Barallobre di que cambia a cousa, porque o Sr. Taibo lanzou unha pregunta ao aire, e por iso el lle preguntou directamente se o Concello de Cambre é transparente. Xa deixou claro que si que o é.

Don Luis Miguel Taibo Casás pide que contribúan a que sexa máis transparente aínda.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que dende o seu grupo cren que no momento en que todos os membros da Corporación optaron ao servizo público, están predispostos á transparencia. Por parte do seu grupo, como preceptivamente marca a lei, presentaron ao inicio da lexislatura a declaración de todos os seus bens patrimoniais, ingresos e demais, e entenden que se a lei manda publicar, que haxa que ter esa autorización se é preceptivo e todo o que teñan que ter, pero están totalmente de acordo en que están nun servizo público, e os veciños, igual que o resto dos concidadáns, teñen que saber, claramente, cales son os seus ingresos ou o que teñan que saber.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM, manifesta que é practicamente o mesmo que o que dixo o concelleiro socialista. Efectivamente todos, non só o Sr. Taibo, senón todos os membros da Corporación, tiveron que facer unha declaración de bens no momento de tomar posesión, declaración da renda, propiedades, etc., incluso préstamos se alguén os tiña. Todos eses datos están na Secretaría municipal, e se a alguén por algún motivo lle interesa coñecelos, pode ir alí e xustificar por que lle interesa sabelos. O feito de que se publiquen na páxina web do concello para el non significa nada de transparencia, porque todos os “*manguis*” que houbo por aí, e por aquí, e por todos os lados, que os hai, non teñen na declaración da renda o que rouban, e se compran algunha propiedade ou algunha historia, normalmente non a teñen a nome deles, polo que se está vendo vai estar a nome doutras persoas.

A el parécelle que iso de poñer os datos na páxina web non vai mellorar a transparencia en absoluto. Dicur que o concelleiro ou concelleira tal e cal teñen uns determinados ingresos disto, catro pisos e vinte chalés non cambia as cousas, porque eles son persoas normais, e se algún fai un disparate, os veciños ben saben quen o fai, quen mete a man e quen non a mete, iso vese, e non se tarda moito. Polo tanto, o que queira poñer todos os seus datos na páxina web, pois que os poña, pero el cre que non se ten que facer porque o ROM se aprobara así na pasada lexislatura, porque na pasada lexislatura tampouco se meteron na páxina web as declaracións. Di que haberá xente que non lles importe poñelos, a el particularmente dálle igual, non ten ningún problema en poñelo na páxina web, pero loxicamente ten que asinar o seu consentimento, non porque o diga alguén ten que poñer as súas cousas á luz de todo o mundo, entre outras cousas porque ás veces iso leva a outras historias.

Conclúe dicindo que el cre que, efectivamente, unha vez que teñen todas as cousas en Secretaría, calquera que teña interese en saber calquera cuestión referente a calquera dos concelleiros pode ir a Secretaría, e alí lle darán a información que teñan que darlle. Na páxina web, iso habería moito que falar.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que el cre que no fondo, e poden divagar, poden debater, e poden estar de acordo ou non, pero o que presenta EU, o que se está pedindo, é que se cumpra o Regulamento orgánico municipal, e iso non é debatible. Ven que hai unha postura, por parte neste caso da Sra. secretaria, manifestando o seu parecer, eles o que piden dende o BNG é que, na medida do posible, se faga e se especifique por escrito, para saber un pouco a que aterse, saber se ten base e o dereito a que se suxeita ese requirimento de que iso teña que ter un consentimento previo por parte de cada concelleiro, como así é e así defende. El entende o que di o Sr. Felipe Andreu, aínda que non estea de acordo co que expresa, pero do que están falando aquí é de se os concelleiros de Cambre deciden ou non deciden, de motu propio e ao seu libre albedrío, cumprir o Regulamento orgánico municipal ou non cumpriilo. A partir de aí poden falar dos pisos, das páxinas web e do que manda cada un.

Pide que haxa un criterio, e se o Regulamento orgánico municipal que está en vigor e rexe neste momento no concello di que esa información debe ser pública, se teñen unha serie de informes que lles din que non hai ningún impedimento para que iso se faga público nunha páxina web, eles, dende logo, teñen total e absoluta disposición,

por exemplo, neste caso, a súa compañeira de grupo que entrou hai dous anos, non é que presentara unha declaración ao entrar, senón que xa presentou a seguinte, a declaración anual.

Conclúe dicindo que, a maiores, de forma total e absolutamente accesorio, a eles tamén lles gustaría, falando de limpeza e falando de transparencia, que coa mesma facilidade que na páxina web se pode acceder ao que percibe cada membro da oposición polas retribucións en concepto de axudas de custo e asistencia ao concello, publicaran tamén as nóminas do equipo de goberno, pero di que ao mellor iso tamén é privado e é unha cousa íntima e moi persoal.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que é distinto, é distinto e depende, porque dunha nómina se poden sacar moitos datos. Se é publicar a nómina di que non, se é publicar o que el percibe, si, son cousas distintas, unha cousa é a nómina e outra cousa é o importe que cobra cada un, son cousas distintas e a nómina el non a publica, porque se poden sacar moitas cousas.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez dille ao Sr. concelleiro que no Concello da Coruña, que a día de hoxe non é un concello gobernado precisamente por bolcheviques, fan públicas todas as declaracións da renda, de bens, patrimoniais, etc., e o fan cun modelo que, efectivamente, non é sumamente exhaustivo, porque el pode estar de acordo en que hai xente para todo, que pode querer ver que terreo ten un concelleiro, ver que piso ten, etc., pero hai unha serie de baremos onde se pode dicir todo sen ter que atender contra cuestións, se se quere, pudorosas, íntimas ou estritamente privadas. En todo caso, se se quixera, poderíase facer, e poderíase publicar na páxina web sen ningún problema, o que pasa é que non se quere, coa gravidade, aínda por riba, de que isto figura no ROM, non é simplemente a moción que presenta un grupo da oposición, o que se está pendido é que se cumpra a lei, así de claro.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que eles están totalmente de acordo coa moción, e se hai que facer algún informe por parte da secretaria, ...

Intervén a secretaria da Corporación para dicir que non, que ningún informe, simplemente lles pedirá o seu consentimento.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que precisamente, como neste momento están co tema da modificación do ROM, é o momento oportuno para deixar claro este asunto. Di que eles están de acordo coa moción.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que el quere que se lle entenda o que di, é dicir, el non está de acordo en absoluto en publicar na páxina web a súa declaración da renda completa, a ningún veciño de Cambre lle interesa iso, non lle pode interesar, poderá interesarlle canto cobrou ou cando gañou ou canto pagou de impostos, iso si, esas cantidades dálle igual publicalas na web, e o que cobra na nómina, o que dixo don Felipe Andreu, sen problema ningún, ou dicir que ten unha casa ou que non a ten, ou que ten un crédito ou que non o ten, niso non ten problema, o que non quere, e di que é o que están discutindo, é que se publique a súa

declaración da renda, porque leva o seu número de conta e leva unha serie de cuestións, e eses datos non lle interesan á xente para nada. El di as cantidades sen problema ningún, para iso fírmalle mañá mesmo á secretaria, pero só as cantidades ou propiedades ou o que sexa, non o documento, sinxelamente non.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que a el gustaríalle rematar con isto o antes posible, porque o que está comprobando é que se está desvirtuando totalmente o aprobado no Regulamento orgánico municipal, totalmente. Pregunta quen fala aquí de declaracións da renda e pregunta se non saben o que asinaron e presentaron no concello, pregunta como se vai publicar a declaración da renda, o que se vai publicar é o que eles declararon, asinaron, e lle entregaron á secretaria cando tomaron posesión, e aí non está a declaración da renda.

Don Manuel Marante Gómez di que si.

Don Luis Miguel Taibo Casás aclara que a declaración da renda hai que entregala, pero non foi iso o que aprobaron facer público, senón que aprobaron uns impresos exclusivos, que son os que se van publicar, e lembra que discutiron moitísimo sobre o que ían poñer, porque ía velo todo o mundo na páxina web, iso foi do que falon no seu día.

A el parécelle surrealista estar discutindo este tema, un tema que está aprobado, porque o ROM aprobouse precisamente en consonancia coa Lei do solo, con ánimo de transparencia e para que non houbera desconfianza. Di que os cargos públicos non teñen nada que ocultar, para iso son cargos públicos, por iso o que pide é que se vote a moción, e o que queira votar en contra está no seu dereito, nada máis.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que el quere adiantar que vai votar a prol da moción presentada por EU. Di que tamén é certo que cada un é libre de facer pública a súa declaración ou non facela, para el, e por favor que ninguén o malinterprete, ninguén é máis honrado facendoa pública, nin menos honrado non facéndoa, porque, de feito, as declaracións de bens están a disposición de todo o mundo.

Di isto porque aos feitos se remite, porque pode verse o que está pasando neste país, con xente, con cargos públicos que fixeron declaracións de bens durante moitos anos, e despois descúbrese o que se descubre, o que comentaban antes, o diñeiro B e outras propiedades que están a nome de terceiros, e que non figuran nin en declaracións de bens, nin en declaracións da renda. Ao fío disto di que o outro día, pasáronlle un correo de broma no que dicían que o Dioni non tiña robado o furgón, porque non saía na súa declaración da renda, porque, claro, agora parece que todo ten que saír na declaración da renda.

Conclúe dicindo que cada un é libre de facer o que queira, de todas formas, xa dixo antes que as declaracións de bens están a disposición de calquera veciño, custodiadas pola secretaria, e o que queira ver a súa, aí está.

Toma a palabra a Sra. presidenta para dicir que cre que as intervencións xa foron suficientes, e que está claro, e se a secretaria ten que facer algún informe, que o faga, ou que pida a autorización persoalmente a cada un.

A secretaria da Corporación sinala que simplemente iso, pero que non van ter problema ningún, porque tiña razón o Sr. Taibo, precisamente se modificaron os modelos para que non figuraran determinados datos, pero tamén di que ela non mirou para ver se hai datos na documentación entregada, para ver se alguén non a cubriu ben, polo que mirará, e soamente será a declaración de bens e a de actividades.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que precisamente iso é o que pon na moción, a declaración de bens e actividades, e se non, se queren perder un pouco máis o tempo, poden ler os catro artigos do ROM.

Toma a palabra a Sra. presidenta para dicir que se todos están de acordo, e se despois se vai pedir a autorización, pasan á votación.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, o concelleiro presente de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás exponlle á Sra. presidenta que a moción se aprobou tal e como está, sen ningún tipo de autorización, punto.

A Sra. presidenta recoñece que a moción se aprobou tal e como está, pero di que supón que cada persoa terá que dar a súa autorización á secretaria para publicalo, porque non o vai facer a secretaria pola súa propia iniciativa.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que iso está mal, que a moción se aproba nos termos nos que se presentou, se leu e se debateu, punto e se acabou.

8º Moción do grupo municipal do BNG en defensa do centro de orientación familiar do Ventorrillo

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, explica que esta moción xa se presentou no pleno de xaneiro, e quedou enriba da mesa a petición do PP, porque dixeron que tiñan que informarse para poder votar.

Rexistrada de entrada ao núm. 885 o día 28 de xaneiro de 2013. Consta do seguinte teor literal:

“Ata o 31 de decembro de 2012 na área sanitaria da Coruña había dous centros de orientación familiar (COF), un dependente do SERGAS no centro de especialidades do Ventorrillo e outro dependente dun convenio entre o Concello da Coruña e o SERGAS na rúa Tui, en Orillamar. Este último atendía a 90.834 mulleres, dos Concellos da Coruña, Oleiros, Sada, Cambre e Carral, mentres que o centro do Ventorrillo daba

servizo a 61.674 mulleres dos restantes 33 concellos da área sanitaria da Coruña, entre eles o de Betanzos.

As prestacións destes COF son atención da demanda de anticoncepción (tanto asesoramento anticonceptivo como instauración de método), revisións específicas do método anticonceptivo, anticoncepción de urxencia, atención de efectos secundarios do método, atención de complicacións co método anticonceptivo, atención específica de anticoncepción cirúrxica e derivación, exames de saúde xinecolóxicos cada 3 anos segundo protocolo de diagnóstico precoz de cancro de cérvix, valoración e derivación de demanda de esterilidade. Ademais, os COF atenden a demanda de interrupción legal do embarazo: información e derivación a clínica, valoración de risco psicolóxico, exploración xinecolóxica post-intervención, asesoramento anticonceptivo, instauración de método e atención á problemática de parella e psicosexual. Cómpre salientar que en Galicia o COF é o único lugar no sistema de saúde onde se trata a anticoncepción, problemática sexual e de parella e a demanda de interrupción voluntaria do embarazo.

Coa xubilación do único xinecólogo do que dispoñía o COF do Ventorrillo, o SERGAS decide non substituílo e aproveita a conxuntura para unificar o centro co de Orillamar. Isto supón que un só centro teña que atender 152.508 mulleres. A Organización Mundial da Saúde recomenda que coa poboación que atendían os dous centros existentes na área sanitaria coruñesa tería que haber tres e o goberno galego do PP decide reducir o seu número a un só centro.

Esta decisión ten como consecuencia que unha xinecóloga e un xinecólogo atendan 152.508 mulleres en necesidades tan inmediatas e dependentes do inevitable paso do tempo como a anticoncepción de urxencia, os trámites para a interrupción voluntaria do embarazo - só en Orillamar atenderon 667 casos durante 2011-, a atención e o asesoramento da demanda de anticoncepción, a instauración e a revisión do método, os exames de saúde xinecolóxica, a prevención do cancro de mama e de cérvix, etc. Polo tanto, esta decisión pon en risco a saúde das mulleres por non poder atender con inmediatez estas necesidades.

As usuarias deste centro xa están a sufrir as consecuencias do peche desde principios de mes pois, por culpa de que o SERGAS non queira cubrir a praza de xinecólogo do COF do Ventorrillo, teñen que atravesar a cidade da Coruña (a sumarlle o desprazamento desde o noso ou calquera outro concello da área sanitaria) para que a xinecóloga ou o xinecólogo de Orillamar lles asine un papel para tramitaren a derivación para a interrupción voluntaria do embarazo. E estas son as consecuencias a curto prazo, máis xa veremos que pasa cando non se poidan atender as revisións, a problemática sexual e de parella ou a prevención dos cancros de mama e cérvix.

Desde o BNG, consideramos que coa desaparición do COF do Ventorrillo non se van poder garantir os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres. Estes recortes en servizos de asesoramento afectivo-sexual afectan á independencia das mulleres para decidir sobre o seu propio corpo e afondan nas desigualdades de xénero que poden levar a situacións de violencia machista.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Instar á Xunta de Galicia a que non peche o COF do Ventorrillo e que cubra a praza de xinecoloxía para así garantir os dereitos das mulleres.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao presidente do goberno galego e aos grupos políticos do Parlamento de Galicia.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que eles no pasado pleno pediron que deixaran a moción enriba da mesa porque tiñan solicitado información sobre este asunto ao ente competente, que é o Sergas, o Sergas tardou uns días e non chegou ao pleno de xaneiro, por iso pediron que se trasladara a este pleno, para poderse facer unha idea e valorala con detención.

Di que hai polo menos dúas cousas que non comparten da moción, avanzando que a van apoiar, pero hai dúas cousas que non comparten, a primeira é toda a redacción que presupón que o COF só dá atención ás mulleres, porque en realidade dá atención ás parellas, aos homes e ás mulleres.

Dona M^a Victoria Amor Prieto intervén e di que nunha área só ás mulleres, noutra ás parellas, efectivamente.

Don Felipe Andreu Barallobre reitera que, en todo caso, o COF dá atención aos homes e ás mulleres, evidentemente un xinecólogo non lle dá atención a un home. O segundo punto no que non están de acordo é cando se di que se pecha o centro do Ventorrillo. Di que o centro do Ventorrillo non se pecha, o que perde é un xinecólogo, que é co que eles non están de acordo, e o goberno vai apoiar a moción porque queren que se repoña ese xinecólogo, pero o COF vai seguir aberto. Cre que unha cousa é consecuencia da outra, o COF dá máis servizos que o de xinecoloxía, que non haxa xinecólogo non quere dicir que o COF estea pechado, pero si que ve moi minguadas as súas funcións.

Conclúe dicindo que, facendo esas matizacións, dende logo que van apoiar a moción, porque é de xustiza.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que dende o seu grupo van apoiar a moción, como non podería ser doutro xeito. Cre que é unha moción absolutamente complementaria, e moi necesaria, e considera que está relacionada coa moción anteriormente aprobada do Día da muller traballadora, xa que consideran que, xunto cos dereitos sociais e laborais da muller que defendían na moción da muller traballadora, os dereitos de carácter sexual e reprodutivo das mulleres están en entredito se o centro de orientación do Ventorrillo, se pecha ou se mingua o seu servizo coa ausencia do xinecólogo que ata agora viña prestando alí os seus servizos.

Conclúe dicindo que felicita ao BNG pola moción que, evidentemente, van apoiar en todos os seus termos.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que cre que todos son bastante conscientes de que este tema das deficiencias que existen no Ventorrillo está sendo motivo de mobilizacións na Coruña e en toda a súa comarca e,

evidentemente, á xente de Cambre aféctalle. Di que precisamente o outro día coincidiu nunha concentración no Ventorrillo con algún compañeiro da Corporación.

Todos son conscientes de que se agravan as listas de espera e a calidade da atención que se recibía antes no Ventorrillo. Cre que é algo que lles incumbe directamente aos veciños de Cambre, ás mulleres, aos homes e a todo o mundo, e non deben estar dispostos a que se pechen servizos básicos como son os da saúde, por iso van votar a prol da moción.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, agradece ao BNG que trouxera esta moción e di que eles tamén van votar a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, o concelleiro presente de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto manifesta que quere darlle as grazas a todos os compañeiros por votar a prol da moción. En canto ao que dixo o Sr. Andreu chámalle a atención, non sabe se é que o PP vai inventar agora os centros de orientación familiar sen xinecólogo, porque iso sería algo novo. Por outra banda, comentar, aínda que non estea hoxe aquí o Sr. Rivas, que agradece moito ao PP de Cambre que vote a prol desta moción, sobre todo porque na Deputación, o BNG presentou esta mesma moción, e o PP votou en contra.

9º Moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, ao abeiro do previsto no artigo 125 do Regulamento orgánico municipal, para instar ao goberno local á modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por subministración de auga

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que esta moción ten como sentido, como pretensión, que por parte do goberno municipal, aínda que evidentemente tamén é un tema que terá que vir ao pleno municipal, se revise a ordenanza fiscal reguladora da taxa por subministración de auga, tendo en conta as modificacións que entre outras disposicións ten introducido a nova Lei de augas de Galicia.

Rexistrada de entrada ao núm. 2168 o día 20 de febreiro de 2013. Consta do seguinte teor literal:

“A ordenanza fiscal do Concello de Cambre, reguladora da taxa por subministración de auga ten unha longa vida de vixencia. Ao longo dos anos só foi modificado puntualmente o concepto da cota tributaria en canto á revisión das tarifas sinaladas para o citado servizo.

Na actualidade, e para usos domésticos, establécense diferentes valores segundo os niveis trimestrais de consumo (ata 30 m³, máis de 30 e menos de 90 m³ e máis de 90

m³). O mesmo ocorre para os usos non domésticos (ata 30 m³, entre 30 e 3000 m³ e máis de 3000 m³). En ambos tipos de consumidores, domésticos e non domésticos, o mínimo facturable, con independencia do consumo efectivo, é de 30 m³ trimestre.

Se ben esta medida tivo o seu sentido hai anos co fin de financiar a implantación e mellora da rede de subministración no noso concello, na actualidade carece de calquera razón. A entrada en vigor da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, modifica os criterios que as ordenanzas municipais reguladoras da taxa por abastecemento deben establecer en canto ao financiamento do mantemento e mellora das redes. Así, o seu artigo 44 sinala:

A recadación que se obteña co canon da auga queda afecta ao desenvolvemento de programas de gasto que promovan: ...

c) O apoio económico ás administracións que dentro da Comunidade Autónoma de Galicia exerzan competencias no ámbito do ciclo urbano da auga.

Do anterior despréndese que debemos entender que o financiamento das obras de conservación e mellora da rede de subministración de auga, a realizar polos concellos a partir deste momento, deberá facerse con transferencias da Xunta de Galicia realizadas con cargo á recadación polo concepto tributario de canon da auga.

Procede, por tanto, facer unha revisión das tarifas deste servizo municipal co fin de evitar a dobre imposición que se produciría se os veciños teñen que pagar, por unha banda, o mantemento das redes, co abono da taxa municipal por subministración e, por outra, o canon da auga.

A maiores, o artigo 45 da citada lei, refrenda a modificación que se pretende da citada ordenanza, cando sinala que constitúe o feito imponible do canon da auga o uso ou consumo real ou potencial de auga de calquera procedencia.

Neste punto, o voceiro do PSdeG-PSOE aclara que, cando fala de potencial, refírese ao consumo que gravará tamén dos pozos artesáns e dos pozos que poidan existir nos terreos. A continuación, segue dando lectura á moción.

O cambio do marco de financiamento do mantemento e mellora destas redes, ademais da obriga legal de que a taxa por subministración se aboe sobre o consumo efectivo, fai precisa unha revisión en profundidade da ordenanza fiscal municipal reguladora da taxa por subministración de auga.

Esta solicitude que se dirixe ao goberno municipal vén, se cabe, máis xustificada pola imposición legal que fai a Disposición adicional 9ª da citada Lei de augas, cando manifesta que o prazo de adaptación das ordenanzas municipais ao previsto nesta lei será dun ano a contar dende a súa entrada en vigor, cousa que en Cambre non se ten feito.

Por todo o anterior, o grupo municipal dos socialistas de Cambre presenta ao goberno municipal a seguinte proposta de actuación:

Instar ao alcalde de Cambre a que, na súa condición de presidente da Corporación, dea as ordes oportunas para poñer en marcha, con carácter de urxencia, o procedemento de modificación da ordenanza fiscal municipal reguladora da taxa por subministración de auga, no senso de revisar as tarifas tendo en conta o consumo real dende o primeiro metro cúbico, efectuado en usos domésticos e non domésticos, e descontando do importe total do servizo o canon da auga recadado.”

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, explica que non é unha moción á que ela se poida comprometer de forma inmediata a dar cumprimento, por un dobre motivo, o primeiro porque a exposición de motivos que fai o grupo socialista non a ven de todo correcta, e o segundo motivo porque agora mesmo a taxa que se marca por tramos para o cobro da auga, é unha taxa que está pensada, como calquera outra taxa, para cubrir o custo do servizo. Agora mesmo, o custo do servizo de subministración de auga para os veciños de Cambre é deficitario, está en fase de contratación o contrato para a xestión da auga, do ciclo completo da auga, e cren que sería máis conveniente, ou menos imprudente, deixar transcorrer ese prazo para ver quen se vai facer cargo da xestión, como se vai xestionar, e cal é a taxa que corresponderá vincular a ese novo contrato.

En canto ao que non lles cadra da exposición de motivos que fai o partido socialista na moción, en primeiro lugar é que citan o artigo 44 da Lei de augas de Galicia, e desprenden que se debe entender o apoio económico ás administracións que dentro da Comunidade Autónoma de Galicia exercen competencias no ámbito do ciclo urbano da auga, é dicir, sobreentenden que vai ser a Xunta de Galicia a que se vai facer cargo do mantemento da rede de abastecemento e saneamento. Di que eles non o entenden así, porque a propia Lei de augas de Galicia establece taxativamente cales van ser as competencias da comunidade autónoma e cales van ser as competencias locais, e entre as competencias locais está precisamente esa.

Por outro lado, citan un suposto de dobre imposición, no que tampouco están de acordo, porque o canon da auga é un imposto, e a taxa municipal é unha taxa, polo tanto, son totalmente compatibles, e así o declara a propia Lei de augas de Galicia.

Tamén din na exposición de motivos da moción que a citada lei recolle que debe gravarse o consumo real ou potencial, e tampouco están de acordo, porque neste caso o que di a Lei de augas de Galicia é que o feito imponible, o que será o consumo real, será para determinar o feito imponible, non a taxa ou canon, que será por tramos.

Tamén falan de que hai unha obriga legal, de que a taxa por subministración se aboe sobre o consumo efectivo, pois eles din o mesmo que antes, que non se refire á taxa por subministración, senón que tamén se refire ao feito imponible.

Por último, falan dun prazo de adaptación das ordenanzas municipais, entendendo que son as ordenanzas fiscais, e di que eles entenden que en ningún apartado da Lei de augas se fala de ningunha ordenanza fiscal, senón daquelas ordenanzas reguladoras dos servizos de auga que prestan as entidades locais, non das ordenanzas fiscais.

Conclúe dicindo que non descartan revisar a taxa, pero non sen antes ter realizado todas esas comprobacións, terse asegurado de cal é a interpretación real que hai que dar á lexislación autonómica neste sentido, e logo, por outro lado, ver se é precipitado ou imprudente, que ela cre que si, que é unha imprudencia, fixar unha taxa antes de saber quen vai prestar o servizo e como o vai prestar.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que el cre que non hai motivo para esperar á adxudicación do servizo de auga. Evidentemente, unha revisión dunha ordenanza destas características vén avaliada por un estudo económico para ver os custos do servizo, que é o que hai que facer. Agora dise que o servizo é deficitario, ben, é un tema que haberá que estudalo, e os técnicos terán que darlles o informe correspondente para saber se hai ese déficit e cal é o seu alcance.

Di que o que si é certo é que o espírito da Lei de augas e incluso da normativa e as disposicións a nivel comunitario, a nivel europeo, é que o consumo da auga se aboe polo consumo efectivo, que é unha forma tamén de buscar o uso máis adecuado e o uso máis sostible dun elemento escaso como poida ser este.

Tamén di que non é unha moción que busque decisións en concreto, como terán visto no seu texto, senón que busca o impulso dunha revisión da ordenanza. É un tema importante, sobre todo por dúas razóns, unha, porque se gravou ás economías familiares no municipio coa imposición do canon da auga, é unha realidade, estase pagando máis, e outra, porque todos saben que dentro duns meses vai vir un pago a maiores no recibo que se denomina vulgarmente da auga, que é o canon de saneamento polo vertido na estación depuradora de Bens, e se non se equivoca supón aboar arredor de 0,28 ou 0,29 €/m³ consumido.

Continúa dicindo que, dado que tanto o canon da auga como o futuro canon de saneamento polo vertido en Bens, vanse pagar polo consumo efectivo, evidentemente, ten razón de ser a proposta que fan para que se revise a ordenanza fiscal, eles piden que con certa urxencia, porque pode ocorrer que agora mesmo haxa familias que estean pagando máis do que terían que pagar se lles cobraran o consumo efectivo. Nese sentido entenden que hai que facer unha revisión da ordenanza, eles propoñen que con urxencia, pero, claro está, convenientemente avaliada polos informes técnicos e económicos para saber cal é o custo real do servizo e o que hai que facturar por esa taxa.

Por outra parte, di que non intenta mesturar o imposto coa taxa, sabe que son dous conceptos tributarios diferentes, o que si é certo, e tamén lle preocupa, precisamente o outro día o dixo o Sr. alcalde nun pleno, é o tema dos 110.000 ou 111.000 euros que están pagando trimestralmente, que o Concello de Cambre está transferindo á Xunta de Galicia polo concepto de canon da auga. Di que o que hai que buscar é que eses cartos revirtan de novo no concello, se non na súa cantidade literal, nunha cantidade maior incluso, en función das necesidades reais dos 24.000 habitantes de Cambre. Conclúe dicindo que esa é a proposta que teñen que facer.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe explica que iso é precisamente o que di a Lei de augas de Galicia, no preámbulo fala de solidariedade intraterritorial e de xustiza tributaria, o cal quere dicir que en maior ou menor proporción, incluso en

maior proporción da que unha entidade local poida contribuír ao sostemento de Augas de Galicia, a Xunta de Galicia prevé que, se é insostenible a rede de saneamento, a depuración ou como se chame, pois que actúe a propia Xunta de Galicia. Polo tanto, iso de que logo non vai revertir, pois ben, hai un principio de xustiza tributaria que está tamén recollido na Constitución e que rexe para calquera tipo de tributo, segundo o cal, en caso de que unha entidade local teña unha emerxencia dalgún tipo, ou teña que realizar algún investimento, pois probablemente a Xunta de Galicia repercuta nela moita máis cantidade, ou non, iso xa o saben de sempre.

En canto ao que lle di de que probablemente haxa familias que estean pagando máis, ela cre que probablemente estean pagando menos, porque realmente ela, polos datos que ten, se eliminasen o consumo mínimo, probablemente o metro cúbico lle custaría máis caro ao usuario, polo tanto, habería que ver o estudo en función do custo do servizo. Conclúe dicindo que, en todo caso, o verán e o estudarán.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que el cre que hai varias ordenanzas que hai que revisar, pero a da auga concretamente cre que urxe revisala, porque a el, agora, os prezos incluso lle parecen algo discriminatorios tal e como están establecidos, ao mellor tiñan que poñerse de acordo e intentar cambialos.

Dise que a auga en Cambre é deficitaria, e pode ser que o sexa, non vai negar a evidencia, pero cre que hai que mirar por que é deficitaria a auga en Cambre, ao mellor hai que facer algún tipo de estudo, porque se mal non se lembra, non hai moitos anos, neste mesmo salón, falouse de que en Cambre se ían polo sumidoiro, sen pasar polo contador, sobre 400.000 m³ de auga, e tamén, se mal non se acorda, cre que o Concello de Cambre pagaba sobre 90.000 euros sen ter porqué pagalos. Se se van eses metros sen contabilizar que hai que pagarlle á Emalcsa, ao mellor hai que empezar por aí, e ao mellor resulta que non é tan deficitaria se son capaces de subsanar esa serie de deficiencias que efectivamente pode haber na propia rede de augas. Por iso di que haberá que falar da ordenanza, pero sobre todo investigar por que se perden tantos miles de metros cúbicos de auga.

Conclúe dicindo que, en todo caso, o seu grupo vai votar a prol da proposta, porque entenden, como xa dixó, que é preciso revisar esta ordenanza.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM, manifesta que, efectivamente, hai un tempo falouse das perdas de auga que había, e algúns deses temas si se tiveron en conta e se resolveron. Había cantidade de locais sociais públicos que non tiñan contador, foron poñendo contador a todos e agora sábese onde se gasta, aínda que pague o concello, sábese onde se gasta, sobre todo neses sitios onde non había contador antes.

Despois tamén hai, loxicamente, algunhas canalizacións que están en mal estado, e que van tratando de renovar na medida do posible, de feito, no POS complementario deste ano vanse renovar algunhas desas canalizacións, porque están rompendo con bastante frecuencia.

É dicir, si que se están tomando medidas, pero algunhas perdas hainas, loxicamente tamén, pero foise mellorando nese aspecto, xa non é aquela perda que había, xa hai moito que se sabe por onde vai, e aínda que o pague o concello, están controlados.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que o seu grupo vai votar a prol da moción, simplemente queren preguntar, sen ser firme nin definitivo, se existe algunha estimación aproximada de cal é ese desfase entre o custo real do servizo e o que se recada en auga, se existe algún tipo de cálculo feito dende o concello.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe contesta que non existe, pero que non estaría mal telo, non obstante, sábese que é deficitario dende o momento que calquera tipo de investimento ou reparación da rede de saneamento estase custeando co orzamento municipal, a través de partidas de obras e servizos.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que, simplemente por terminar, porque el cre que a posición do goberno está bastante clara, el cre que para este ano, sen falta, teñen que tomar no pleno municipal unha decisión das máis importantes, ademais do Plan xeral, refírese á concesión da auga, ver que van facer coa auga, porque é un dos contratos máis importantes que teñen, e, evidentemente, este tema ten que ir a pleno. El comparte o que dixo a súa compañeira Marta, que terán que ver que fórmula queren usar para a xestión, porque depende moito, agora mesmo o concello está comprando a auga, pero tamén se pode facer que a compre directamente a concesionaria. Hai que tomar unha serie de decisións de relevancia, e hai que tomalas no pleno, porque é un contrato que vai ter que ir a pleno, evidentemente a taxa tamén vai ter que ir a pleno, e teñen que sentarse a falar do tema.

Segue dicindo que a el, agora mesmo, cónstalle que o Sr. alcalde está tendo conversacións intensas, tanto co sector privado como co sector público, para ver como formular este asunto e poder propoñer distintas alternativas, para que todos os concelleiros ou os voceiros da Corporación vexan os pros e as contras. Cre que tal e como están agora as conversacións, non deberían tardar moito, e este ano deberían sacar o contrato.

Por todo isto, e un pouco na liña que falou a súa compañeira Marta, van esperar a sentarse, decidir que queren facer coa auga, e unha vez teñan decidido o que van facer con ela, meterse a fondo con todo, para ver se poden axustar, porque o que está claro é que, se non se equivoca, a auga en Cambre é algo ou bastante máis cara que no Concello da Coruña, e tampouco ten demasiado sentido cando son eles os que teñen a presa aquí, e só en loxística xa deberían aforrar diñeiro.

Conclúe dicindo que é un tema que, evidentemente, teñen que estudar, que afecta a todos os veciños e que teñen que tomalo ben en serio, porque supón que será un contrato para moitos anos.

Toma a palabra a presidenta da sesión, quen tendo en conta que se trata dunha moción de control e fiscalización, informa de que non é necesaria a súa votación. A continuación, e antes de pasar ao seguinte punto da orde do día, coméntalle ao

voceiro de EU que non se deu conta antes, pero que o seu grupo tiña presentado unha 2ª moción. Pregúntalle se a quere ler agora.

Intervén don Augusto Rey Moreno para sinalar que unha cousa é que non se vote a moción do PSdeG-PSOE e outra que non se diga se se aproba polo goberno ou non.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que claro que si. El cre que segundo establece o artigo 125 do ROM este tipo de mocións terminan cunha manifestación do goberno ao respecto, e que entende que un pouco xa a fixo, xa dixo que teñen que buscar o maior consenso posible neste asunto.

Dona Mª Jesús González Roel, presidenta da sesión, explica que ela xa dou por rematado o asunto por entender que ían buscar un consenso, e que claro que se aproba co fin de que se estude o tema. A continuación, volve preguntarlle ao voceiro de EU se votan a urxencia da moción presentada polo seu grupo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el xa o explicou cando a concelleira do PSdeG-PSOE leu a moción ou declaración institucional do principio. Xa dixo que o seu grupo tiña presentado unha moción nese mesmo sentido, pero que chegaron a un acordo co resto de grupos da oposición para presentar unha moción conxunta e que, polo tanto, eles retiraban a súa. Como consensuaron unha moción conxunta, retiraron a súa.

Dona Mª Jesús González Roel explica que non o tiña entendido no seu momento, pero que non pasa nada, pasan ao seguinte punto da orde do día.

10º Informes da Alcaldía

Non se utilizou este punto.

11º Rogos e preguntas

Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 2478 o día 23 de febreiro de 2013, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Pais de alumnos do CEIP Wenceslao Fernández Flórez amósannos a súa preocupación pola rotura e desprendemento dun dos postes metálicos que suxeitan a rede perimetral da pista polideportiva e o deficiente mantemento dos espazos que circundan esta instalación deportiva. Por todo iso:

Pregamos se repare esta instalación e se intensifiquen as tarefas de mantemento, polo potencial risco que supón para os rapaces.

Dona Mª Jesús González Roel, como concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, explica que se fixo unha revisión da zona e, efectivamente, a un dos paos rompéuselle a soldadura que tiña. Polos informes que pasan de Obras e Servizos non corre perigo de ningún tipo, porque está suxeito polas redes, non

obstante, non sabe se xa estará neste momento, pero si sabe que ían pasar para a súa reparación.

Tamén se pediron varios orzamentos para tratar de arranxar o céspede que teñen, que está bastante deteriorado polo tipo de terreo que é. Están a pedilos dende Obras e Servizos, para ver que clase de solución poden tomar nesa zona, porque xa se replantou o céspede en varias ocasións, e non prende porque é unha zona moi árida.

Conclúe dicindo que están intentando solucionalo e que o do pao está xa en marcha.

Don Jesús Bao Bouzas, do PSdeG-PSOE, agradece a resposta e sinala que, como ben di o rogo, é un poste, e a finalidade do poste é suxeitar a rede, e non ao revés, nestes momentos é a rede a que suxeita o poste. Tamén lle consta que, onte, persoal de Obras estivo vendo as instalacións, e si que lle roga esa inmediatez á hora do mantemento, porque el cre que o céspede, por chamalo dalgunha maneira, non se ten cortado este ano, e practicamente están en marzo. Por iso, conclúe pedíndolle dilixencia.

Dona M^a Jesús González Roel explica que teñen sen contratar o que é o mantemento do céspede dos colexios, así que o corta o persoal de Obras e Servizos, e agora mesmo nese departamento hai moi pouca xente, por iso é certo que este ano non se cortou, cortouse a finais do verán, antes de que empezara o curso, e de momento este ano non se lle fixo ningún mantemento, farase en breve.

Don Jesús Bao Bouzas salienta que, dende finais do verán, transcorreron cinco meses, e esa é a razón do rogo, unicamente.

2º Veciños de Cereixeiro, Lema, manifestan a situación de desprotección ante a choiva na que se atopan os usuarios do autobús escolar e do transporte público que teñen que utilizar a parada, sen ningún tipo de protección, existente neste lugar entre as casas número 3, 4 e 5. Por todo iso:

Pregamos a urxente instalación dunha marquesiña no citado punto.

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, contesta que toman nota do rogo, e comunicaralles os pasos que irán dando.

3º Denuncia a comunidade de pais e nais da escola infantil sita en Apeadeiro, Cecebre, a insuficiencia da instalación do centro no que se refire a espazos exteriores onde poidan xogar os nenos, sobre todo nos días de mal tempo. Isto pode solucionarse se se constrúe unha cuberta sobre o espazo exterior existente no contorno da porta principal e do lateral que linda co camiño que vai paralelo ao campo da Balastreira en dirección á estación. Así mesmo, polo número de alumnos do centro (20) e contando cunha única profesora, sería necesario reforzar a seguridade do centro dotando á escola dunha saída de emerxencias. Por todo iso:

Pregamos se dean as ordes oportunas para, á maior brevidade, dotar ao centro das melloras máis arriba sinaladas.

Don Augusto Rey Moreno, do PSdeG-PSOE, explica, a maiores do dito no rogo, que hai unha acta de inspección, xa do ano 2000, na que unha inspectora facía referencia a que non hai saída de emerxencias e a que sería bastante urxente a súa instalación, porque, evidentemente non quere ser alarmista, pero se se produce calquera tipo de accidente na entrada, non habería saída por ningún sitio. Di que é un tema verdadeiramente urxente, e por iso solicitan do equipo de goberno que tome debida conta del, e que lle dea o tratamento urxente que se merece.

Dona M^a Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, contesta respecto do primeiro punto, no que se di que a solución sería poñer unha cuberta no patio, que ese sería un tema a tratar cara aos orzamentos, agora mesmo non era unha previsión do equipo de goberno facelo. Teñen outras solicitudes doutros centros nese mesmo sentido, polo que, nestes tempos, sería cuestión de prioridades poñerse a facer cubertas en todos os colexios.

Di que nesa escola son 20 nenos, tan importantes como os nenos de calquera outro colexio, no de Cambre son 200 os que se beneficiarían. Agora mesmo xa lles dixo que sería cuestión de metelo nos orzamentos, se fora o caso, e sería cuestión de priorizar uns temas ou outros, xa que para poñer cubertas en todos os centros non hai, e sería cuestión de sentarse, falar, e ver que prioridade se lle busca para a cuberta do patio, porque outros centros están nas mesmas condicións.

Continúa dicindo que, respecto da saída de emerxencia, os técnicos municipais xa lles teñen informado en varias ocasións que non é necesaria, nin é obrigatorio poñer unha saída de emerxencia, e xa llo comunicaron á profesora en varias ocasións. Non obstante, onte mesmo pediulle outra vez ao técnico que lle fixera un informe, que xa ten, onde o dito técnico municipal di que non é necesaria a saída de emerxencia baseándose na normativa aplicable. Dise no informe que o código técnico no seu documento básico SI3 de evacuación e na súa táboa 3.1, números de saídas e lonxitude dos percorridos de evacuación, sinala que só será necesaria unha única saída e percorrido de evacuación de 50 metros se se trata dunha planta que ten unha saída directa ao espazo exterior, e a ocupación non excede a 25 persoas. Polo tanto, segundo os técnicos municipais, por legalidade están cumprindo totalmente.

En canto ao informe do que fala o concelleiro socialista do ano 2000, é un informe nunha acta de inspección, e, efectivamente, nese informe hai unha reclamación dunha saída de emerxencia, pero di que no ano 2000 estaba gobernando o grupo socialista, e se o viron tan importante non sabe como non o fixeron. No 2001 volve haber outro informe dicindo tamén que non hai saída de emerxencia, pero resulta que no 2004 hai outro informe, da mesma inspección, no que xa non se di absolutamente nada da saída de emerxencia, polo que se deberon dar conta de que, aínda que non hai saída de emerxencia, simplemente é porque non é necesaria, porque se está cumprindo coa normativa vixente.

Don Augusto Rey Moreno manifesta que está convencido de que, precisamente por non ter arranxado este problema, o partido socialista perdeu as eleccións e non está gobernando, co cal agora a responsabilidade correspóndelle ao novo equipo de goberno, porque, evidentemente, os incumprimentos e as malas xestións que se

realizaron xa pasaron factura ao seu partido, e por iso non goberna, non obstante, iso non quere dicir que o goberno actual non teña que facelo.

Di que como recolle o informe técnico, esa medida está pensada para 25 persoas, pero lembra que están falando dun centro, dunha escola infantil, na que unha única profesora tería que desaloxar a 20 nenos que, se non se equivoca, teñen idades entre 3, 5 e 6 anos. Os informes técnicos están aí, pero a responsabilidade do equipo de goberno é evitar posibles situacións de emerxencia e dar unha solución. El cre que é un tema de conciencia e de responsabilidade, e a iso apela para dar unha solución á situación, á súa responsabilidade como concelleira en temas de Educación. Non é un tema especialmente custoso, e insiste en que non están desaloxando 25 persoas en pleno uso das súas facultades, que saian con celeridade, están falando dunha profesora e 20 nenos, e se a ela lle parece que a seguridade que hai nesas condicións, para eses nenos que están na escola infantil, é suficiente, el persoalmente discrepa e, en todo caso, está no seu dereito.

Conclúe dicindo que el non vai dicir nada máis, terá que explicarllelo aos pais dos nenos, que son os que demandan iso.

Dona M^a Jesús González Roel agradece a pregunta e di que ela simplemente se atinxe aos informes municipais, ela non pode decidir se hai que poñer unha porta de emerxencia ou non, non é quen para dicir que se vai poñer porque si, cando os informes técnicos están dicindo outra cousa, e por certo, non son 25 nenos como dixo antes, a normativa é de 50 nenos, 50 persoas, ou sexa, non sería obrigatoria unha porta de emerxencia ata as 50 persoas. Reitera que ela se atinxe aos informes dos técnicos, ela non pode decidir onde se pon unha porta de emerxencia e onde non, simplemente non é unha decisión súa.

Don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG, solicita intervir.

Dona M^a Jesús González Roel lembra que isto é un rogo, non é unha moción, nas que si se pode interpelar, non obstante, di que lle concede a palabra ao concelleiro do BNG.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que intervén ao abeiro do que establece o ROM, simplemente, e respecto do debate dado, dúas cuestións, di que é certo que non hai o mesmo número de alumnado en Cecebre que o que pode haber no CEIP de Cambre, pero tampouco teñen en Cecebre a mesma infraestrutura nin as mesmas alternativas, á hora de facer fronte e sobrelevar aos rapaces coa choiva, que poidan ter en Cambre. Loxicamente é unha cuestión de prioridades, pero non é tan así, a proporción non é 20/200, porque en Cecebre teñen moitas menos alternativas, para comezar porque hai unicamente unha persoa exercendo a docencia alí, e el cre que se están barallando termos que non son exactos.

A Sra. concelleira, como representante do equipo de goberno, dixo que non é necesaria unha saída de emerxencia, e el dille que non será legalmente esixible para todos os efectos, pero necesaria non se di que sexa ou non sexa necesaria, iso non se pode dicir, é de sentido común. Está de acordo coa Sra. concelleira en que a lei posiblemente non obrigue a que esa saída de emerxencia exista, pero está seguro que

ningún técnico, nin de Cambre, nin de ningún sitio, vai dicir que unha saída de emerxencia nun centro de educación infantil é algo innecesario, iso díxoo ela, non o dixeron os técnicos. En tal caso, e dando por bo o seu argumento de que legalmente o equipo de goberno non está obrigado, eles, dende o BNG, adiantan xa que respecto dos orzamentos, ou respecto de calquera outra medida que se tome, si se decide a petición dos docentes e co respaldo dos pais e nais que levan aos seus fillos e fillas a ese centro de ensino, instalar alí unha saída de emerxencia, unha porta de emerxencia coas medidas que sexan, que seguro que non terá un custo en suma contía elevado, o voto do BNG vai ser total e absolutamente a prol, porque nese tipo de cuestións, nas que non están falando de cartos, en fin, vale máis a pena pagar por exceso que por defecto, e, loxicamente, concorda coa Sra. concelleira, que se fixeron as cousas mal ao cabo de 30 anos, por suposto que si, pero haberá que facelas ben a partir de agora.

Dona M^a Jesús González Roel manifesta que ela non se refire ao custo, xa que nin sequera ten pedido orzamentos nin nada, pero claro, tal e como está a escola en Apeadeiro, pregunta por que non a de Pravio, ou por que non a de Sta. M^a de Vigo, que tamén teñen uns 20 nenos cada unha e están nunhas condicións iguais, cumprindo coa normativa. Di que se teñen que facer un patio, terán que facer un patio cuberto en Pravio, un patio cuberto en Sta. M^a de Vigo, no colexio de Cambre e no de Sigrás. O Sr. Carballada dixo que non é comparable, pero ela di que non é comparable e ao mesmo tempo é comparable, porque ela está explicando as necesidades que hai en cada centro, e agora mesmo é cuestión de prioridades, e se nos orzamentos entre todos deciden poñer patios cubertos en todos os colexios, pois os poñen, deixan de facer outra cousa e poñen patios cubertos, porque a maioría tena a oposición, e van facer nos orzamentos o que eles decidan, se eles están todos de acordo, poñeranse portas de seguridade onde queiran, poñerase un patio onde queiran, non hai nada máis.

Don Daniel Carballada Rodríguez pide unha cuestión de orde. Di que ninguén falou en ningún momento de patios cubertos, faláron de cubertas, unha instalación moito menor e que require moito menos investimento, están falando dunhas instalacións para 20 persoas, non loxicamente do que se requiriría para un centro como o de Cambre, simplemente.

Don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, pide á Sra. presidenta intervir neste punto. Concedida a palabra, manifesta que el non vai entrar a valorar os informes dos técnicos que din que non é obrigatoria unha porta de emerxencia, pero el o que si cre é que é necesaria. Di que neste concello, e neste pleno, téñense formulado moitos rogos e téñense solicitado obras que se teñen feito, incluso máis custosas, e non se pediron informes aos técnicos, polo que a el parécelle unha escusa, e se a Sra. concelleira di que a escola unitaria de Sta. M^a de Vigo e a de Pravio tampouco a teñen, pois el cre que é unha cousa de suma importancia, porque oxalá nunca sexan necesarias esas portas de emerxencia, porque nunca pase nada, iso é o que queren todos, pero se un día pasa algo, de verdade, non cre que unha profesora con 20 nenos de entre 3 e 5 anos, que ao mellor algún está ata durmindo, non cre que sexa capaz de evacuar nun momento de emerxencia aos 20 nenos, porque os nenos de 3 anos non entenden que hai que escapar ante unha emerxencia. Conclúe dicindo que ao mellor é o momento de aproveitar e pedir 3 orzamentos, que

seguramente é máis barato, para facer tres portas de emerxencia, unha en cada unha das escolas unitarias do concello.

Rogo de UxC presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 2527 o día 25 de febreiro de 2013.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que non sabe se retirar este rogo, xa que é un tema da resolución da Alcaldía, e ao non estar o alcalde, por eles non habería ningún problema en que se contestase por escrito.

A Sra. presidenta explica que contestará dona Rocío Vila, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente.

1º Rogo relativo á tramitación da modificación puntual do Plan parcial do solo industrial do Espírito Santo. Cambre-Sada.

Por Resolución de Alcaldía de 22 de outubro de 2012, apróbase inicialmente a modificación puntual do Plan parcial do solo industrial do Espírito Santo.

O período de exposición ao público realízase entre o 17 de novembro e o 17 de decembro de 2012.

Con data 24 de xaneiro de 2013 fáisenos chegar, debemos de entender que por orde ou polo menos co visto e prace do alcalde, o informe ás alegacións que emite o xefe da área de Urbanismo, no que se di que a solución pasa por unha resolución de Alcaldía que declare *“Concluso o procedemento por incumprimento da condición suspensiva imposta na Resolución do 22 de outubro de 2012, ordenando o arquivo do expediente”*.

Tendo transcorrido un mes dende a emisión do informe, solicitamos:

Se nos informe de cales son as razóns polas que aínda non se emitiu a resolución. Se a non emisión é por falta de aceptación ou desacordo co informe emitido e se non é así, en que prazo se prevé que se emita.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que polo momento non se ten ditado resolución porque solicitaron un informe á Xunta de Galicia sobre a administración competente para a tramitación da modificación puntual do Plan parcial de ordenación da actuación industrial do Espírito Santo. Di que vén ligado un pouco á moción que presentou UxC, cre que foi no mes de decembro, na que se pedía un informe da secretaria. A secretaria no seu informe entendeu conveniente, cousa coa que ela está totalmente de acordo, por iso queren ter ese informe da Xunta e despois pechar xa todo o expediente.

Conclúe dicindo que, tal e como dixo o voceiro de UxC, podería pechase a día de hoxe, porque de feito a resolución estaba condicionada a unha condición que non se cumpríu, pero ela cre que é mellor zanxar xa todos os temas que se abriron con ese expediente.

Don Óscar Alfonso García Patiño di que eles tamén pediron á Xunta de Galicia que informase sobre quen era competente. Tal e como fixeron nas alegacións di que entendían que non era competencia do Concello de Cambre nin do alcalde de Cambre dar inicio a esa tramitación. En todo caso, é verdade, o informe do xefe de Urbanismo e Réxime Interior municipal, ao final de todas as súas alegacións, dunha clase maxistral de urbanismo, o que di é que se archive o expediente. Non sabe por que teñen que agardar agora a que a Xunta diga se era competencia de Cambre ou non era competencia de Cambre, iso non ten ningún tipo de sentido.

En todo caso, tamén lle gustaría que constase en acta que lle ían pedir ao Sr. alcalde, que hoxe non está, que na vindeira xunta de voceiros se lles informe respecto de todo o que está saíndo en prensa con respecto á EDAR, a cal antes o voceiro do PSdeG-PSOE tamén nomeou, e que ten despistados a todos os veciños de Cambre, polo menos ao seu grupo, que non ten ningún tipo de información. Cre que teñen dereito a ter esa información, cando outros concellos están pensando en levalo xa a pleno, é de xustiza falar con todos os grupos políticos e expoñerlles en que condicións van entrar nesa compañía, ou en que condicións teñen que traer as cousas a pleno. É un tema que lle gustaría que lle transmitiran ao Sr. alcalde para tratalo na vindeira xunta de voceiros.

A Sra. presidenta manifesta que será transmitido. A continuación, dá paso aos rogos presentados polo grupo municipal de EU.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, expón que, antes de entrar a tratar os rogos presentados polo seu grupo, e a estas alturas do pleno, quere dicirlle á Sra. presidenta que antes desculpou a non asistencia do Sr. alcalde por encontrarse mal, e el xa fixo esta apreciación o pasado pleno e o outro, que a súa compañeira está de baixa, non pode asistir ao pleno, e cre que sería á Sra. presidenta a que debería desculpala, porque, como procede, consta neste concello que está de baixa por maternidade.

A Sra. presidenta dille que ten razón e pídelle que a desculpe porque como se demostrou neste pleno é bastante novata neste aspecto. Di que o sente moito e que lle dea os seus máximos saludos cando a vexa. Desculpa a súa ausencia por estar de baixa por maternidade.

Rogos de EU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 2479 o día 23 de febreiro de 2013, xunto coas mocións e preguntas presentadas para este pleno.

1º O pasado mércores 13 de febreiro visitaron a ría do Burgo unha delegación de comisarios europeos, a instancia dunha denuncia presentada pola Plataforma para a recuperación da ría do Burgo, a imaxe que levaron non puido ser máis desalentadora, recoñecendo o estado de abandono deste espazo por parte dos distintos gobernos: central, autonómico e locais.

A esixencia vertida pola delegación europea relativa a que se precisa un saneamento e dragado urxente e inmediato da ría do Burgo, merece unha resposta dilixente e

colaboradora das administracións públicas competentes. Basta xa de mentiras e de deixamento. Urxe unha fonda rectificación da política de xeito que sexa unha prioridade o cumprimento da lei.

As opinións interesadas do director de Augas de Galicia negando a situación de degradación case absoluta da ría, non se corresponden coa realidade existente. O grupo municipal de EU chama a atención unha vez máis sobre os riscos para a saúde pública derivados da contaminación da ría, non sendo isto só un problema ecolóxico ou medioambiental, tamén é un problema económico para as persoas que viven da súa riqueza marisqueira.

En atención a estes motivos, o noso grupo formula o seguinte rogo:

Que o goberno de Cambre esixa publicamente ao goberno autonómico a rectificación da política da Xunta de xeito que sexa unha prioridade o cumprimento da lei que prescribe o saneamento das rías, e que adopte como goberno local as medidas necesarias dende Cambre para eliminar e minimizar os vertidos que a día de hoxe seguen a producirse na degradada ría.

A Sra. presidenta informa de que contestará o Sr. alcalde por escrito.

2º Veciños/as de Meixigo que utilizan as instalacións do campo de chave, denunciaron ante o noso grupo as deficiencias existentes nas ditas infraestruturas, e as consecuencias motivadas pola choiva no interior do local social, que impide o desenvolvemento das súas actividades, co conseguinte perigo para as persoas e danos materiais.

Pregamos ao goberno adopte as medidas necesarias para corrixir a situación, tanto no local, como nas súas inmediatezas.

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, manifesta que toman nota do rogo e di que lle informarán sobre as actuacións que realicen conforme ao particular.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, agradece que tomen nota do rogo e preguntalle ao Sr. concelleiro se saben como está máis ou menos a situación, é dicir, como presentaron o rogo hai unha semana, pregunta se pasaron por alí para comprobalo.

Don Fernando Caride Suárez explica que se lle pasou a información aos técnicos e está á espera do informe da valoración dos danos, tanto do campo de chave como das instalacións interiores.

3º O Consello de Contas constatou que dos 50 millóns do préstamo do *Banco Europeo de Inversiones* á Xunta de Galicia, para executar a vía Ártabra só se executaron 17,5 en 2009 e o resto quedou consignado como remanente de tesourería, cando debería quedar como remanente afectado, pois o diñeiro restante, 33 millóns, só podían ir para a vía Ártabra.

Polo exposto, o grupo de Esquerda Unida prega á Alcaldía: se dirixa á Xunta de Galicia, co fin de que informen sobre a situación de parte deste préstamo para executar na vía Ártabra.

A Sra. presidenta manifesta que este rogo tamén o contestará o Sr. alcalde por escrito.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que supón que cando o Sr. alcalde conteste, contestará a todos os grupos, porque se contesta nun pleno eles saben o que contesta, por iso supón que contestará a todos os grupos por escrito.

Dona M^a Jesús González Roel, presidenta da sesión, contesta que si, que sin problema ningún.

Rogos do BNG presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 2542 o día 25 de febreiro de 2013, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, expón que van dar lectura aos rogos presentados, entenden que a maioría deles, quizais os tres rogos os vai responder Marante, non obstante, a pregunta vai dirixida directamente ao alcalde, por iso, no seu caso, que lles responda por escrito.

1º Recentemente vén de ser anunciada pola Deputación da Coruña a aprobación da primeira fase do POS, das contías aprobadas e das obras que entran no dito programa.

Dende o BNG rogamos se informe de en que grao se recollen as demandas formuladas polo Concello de Cambre e que valoración fai o equipo de goberno.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que o POS que se aprobou no pleno municipal para envialo á Deputación, foi aprobado por esta en todos os seus termos, polo que están satisfeitos ao 100%, loxicamente, está completo.

2º Con motivo da recente visita dun grupo de eurodeputados á ría do Burgo, grazas ao traballo da Plataforma en defensa da ría, o executivo autonómico afirma que está previsto o investimento de 2,3 millóns de euros na construción dun tanque de tormentas no Temple.

Dende o BNG rogamos se informe en que estado se atopa o dito proxecto, que prazos ten e que dotación orzamentaria dispón así como da opinión do equipo de goberno ao respecto.

Contestará o Sr. alcalde por escrito.

3º Na vía de entrada da AP-9 dende a glorieta da Casa das Palmeiras está situado un panel informativo sobre as incidencias na autoestrada (aglomeracións, accidentes,

nevaradas, xeadas, cortes puntuais, obras ...). Tal e como está situado resulta extremadamente difícil vixionalo correctamente dende a glorieta de acceso, o que permitiría optar por outros itinerarios se se observa algún tipo de complicación na autoestrada. É por iso que dende o BNG rogamos:

Se fagan as xestións oportunas diante de quen corresponda para que se sitúe o dito panel máis preto da glorieta de acceso á autoestrada, co fin de facilitar a información aos condutores antes de introducirse na autoestrada.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que lle van dar traslado do rogo a Fomento, non ao mellor para trasladar o panel, porque o panel ao mellor vai seguir, pero para que quizais poidan poñer outro previo, fóra, en torno á rotonda ou por aí. Di que van a tramitalo.

Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 2478 o día 23 de febreiro de 2013, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª No mes de decembro retirouse un farol sito á altura do número 6 de Outeiro, Lema, que, por estar desprendido, tiña perigo de caerse. Pasados xa case tres meses, o punto de luz non se ten recolocado, por todo iso, o grupo municipal dos socialistas de Cambre pregunta:

Que causas motivan que non se teña repostado o citado punto de luz?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que segundo os informes que ten da empresa de mantemento, o poste é de madeira e está en mal estado, non aguanta do farol. Está avisada Fenosa para que o repoñan, e tan pronto como o fagan, o cambien e poñan un poste de formigón, repoñerase o farol sen ningún problema, o que pasa é que agora mesmo non poden.

Dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE, lembra que é o único que hai no traxecto, está moi escuro, e é unha zona na que pasan moitos nenos, por temas de deportes e demais, e non se ve nada.

2ª Acabadas as obras na estrada autonómica entre o Mesón Vasco e Os Campóns non se teñen repintado as medidas de sinalización horizontal e de pasos de peóns que existían con anterioridade nese treito. En concreto bótase en falta o que existía á altura do Souto, Sigrás e que utilizaban, entre outros, os rapaces que dende o instituto David Buján se dirixían á zona da escola municipal de música. Por todo iso este grupo pregunta:

Cando se ten pensado repoñer o citado paso de peóns?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que cando se estivo facendo a obra, técnicos municipais e el mesmo, xunto co técnico responsable da Xunta que levou esa obra, estiveron vendo unha serie de temas relativos á sinalización horizontal, vertical, de todo tipo, incluso o emprazamento da parada do

bus nos Campóns, unha serie de cuestións, pero o técnico da Xunta non estaba polo labor, argumentando, por exemplo, que eses pasos de peóns xunto a escola de música estaban en zona perigosa, agora, de feito, puxeron uns carrís de aceleración para cambiar de sentido. Nese tema dixo que por seguridade non se pode poñer un paso de peóns, pediúselle máis arriba, cara aos Campóns, e tampouco houbo maneira. Di que a partir de aí o enfado dos veciños foi grande, el tivo unha reunión con eles, despois fixeron un escrito, tramitouse ese escrito e enviouse á Xunta e de momento non tiveron contestación. Nese escrito reclaman que se repoñan algúns pasos de peóns, que se mire o tema da parada do bus na rotonda, porque tampouco lles parece que estea nun sitio adecuado, etc., así ata o Mesón Vasco. Di que cando lles contesten verán o que se pode facer.

Don José Manuel Lemos Seoane, do PSdeG-PSOE, manifesta que lles gustaría que estiveran pendentes, xa que é unha xestión importante para moitos veciños, e trátase de seguridade viaria.

A continuación di que a terceira pregunta é un tema que xa levaron os compañeiros de EU ás comisións, e por iso pensaba retirala, pero vai facela porque entende que os veciños tamén deben de enterarse.

3ª En gran número de ocasións o noso grupo ten preguntado sobre a necesaria poda que a Deputación ten que facer dos plátanos da estrada da Estación. Unha das últimas contestacións recibidas foi que os traballos estaban en trámites de contratación. Por todo iso este grupo pregunta:

Cales son as últimas noticias que ten o goberno municipal sobre estes traballos?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que as noticias que teñen é que está contratado e que seguramente a vindeira semana comecen a poda.

Preguntas de EU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 2479 o día 23 de febreiro de 2013, xunto coas mocións e rogos presentados para este pleno.

1ª Con data do 30 de novembro o grupo municipal de EU solicitou a través do Rexistro municipal o acceso ao expediente do festival Brincadeira Rock in Cambre. Visto o secretismo que rodea o dito expediente, do que levamos solicitando acceso dende o mes de febreiro de 2012, e non se nos facilita, por isto preguntamos:

Cando teñen previsto que poidamos acceder ao dito expediente, tendo en conta que a data límite para a contabilización de resultados finalizou o pasado 30 de setembro?

Don Santiago Manuel Ríos Rama, concelleiro de Cultura e Turismo, contesta que pode pasar a velo cando queira, e que se o desexa, cando acabe o pleno quedan nunha data concreta.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU, agradece a contestación e di que se poñerá en contacto co Sr. concelleiro para revisalo.

2ª Transcorridos moitos meses, o noso grupo felicitábase pola exitosa e concorrida celebración do último foro de Participación Cidadá no que EU de Cambre asistiu e participou. Na dita xuntanza xurdiu o compromiso para a celebración doutro foro, co obxectivo da creación e posta en funcionamento dos distintos consellos sectoriais e o Consello xeral de Participación Cidadá.

O festival Brincadeira, a remodelación do Campo da Feira, a localización da feira de Cambre, as festas patronais, os problemas de seguridade cidadá e viaria, os desafiuzamentos, o transporte adaptado, a retransmisión dos plenos municipais, o proceso de matriculación nas escolas públicas do noso concello, etc., etc.; son problemas e actos que nalgún caso, incluso recoñecido polo propio grupo de goberno, puideron ser tratados e arranxados dentro dos distintos consellos sectoriais, por non falar de orzamentos participativos, participación en plenos ou a presentación de iniciativas populares.

Por todo isto, o noso grupo municipal pregunta:

Para cando ten pensado o goberno a organización e creación destes consellos sectoriais e a posta en marcha definitiva do regulamento, para que entre outras cousas os veciños/as de Cambre poidan facer efectiva a democracia participativa, co fin de que formulen rogos e preguntas aos membros da Corporación ao rematar as sesións dos plenos ordinarios, de forma concreta e sobre temas de interese, segundo o contemplado no RPC, aprobado no ano 2011?

A Sra. presidenta informa de que contestará o Sr. alcalde por escrito.

3ª A semana pasada observamos como unha vez máis o grupo de goberno difundiu no conxunto do concello un *mailing* de xeito “indiscriminado” onde anunciaba e explicaba o XIII Plan municipal de formación para o emprego.

O dito plan loxicamente debería ter como beneficiarios principais aos desempregados do noso concello, o noso grupo non entende como xente que traballa, ou mesmo xubilados e pensionistas tamén recibiron a dita carta informativa.

Ante esta situación o noso grupo municipal pregunta:

Canto supuxo para as arcas municipais o dito envío, e por que non se valorou a posibilidade de envío selectivo ao colectivo de parados de Cambre?

Dona Marta Mª Vázquez Golpe, concelleira de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, contesta que non hai ningunha entidade local, ningunha, que teña a xestión dos datos dos seus desempregados, é unha competencia exclusiva que corresponde ao Servizo Galego de Colocación, e calquera tenza de datos, enderezos, situación persoal ou antigüidade no paro que puidese manexar unha entidade local, sería ilegal, vulneraría a Lei orgánica de protección de datos, polo tanto, considera que o Plan de formación municipal é o suficientemente serio e importante para calquera

desempregado, para que non caiba nin a menor posibilidade de que non teña acceso á información.

O gasto que supuxo o envío foi de 700 euros, o envío indiscriminado que o voceiro de EU cualifica así. Pensa que é unha cuestión o bastante seria como para dotala de semellantes cualificativos. Reitera que ningunha entidade local pode dispoñer deses datos, e se dispuxese deles, estaría cometendo unha ilegalidade.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU, expón que el se limita a pedir información, e reafirmase en dicir que é indiscriminado, xa que moita xente lle ten preguntado por que a eles lles chega información sobre os cursos de formación. El ten a obriga de preguntar porque a xente o que lle di é “mirade en que gastan os cartos”, por iso el pregunta, a Sra. concelleira respondeulle e esa vai ser a contestación que vai dar el cando lle pregunten.

Di que non sabe se hai outro tipo de posibilidades de facelo, a Sra. concelleira dille que non, pero agora, polo menos, el ten unha resposta que darlle á xente, porque a xente di iso de “mirade en que gastan os cartos, en mandarme uns papeis que para min non me valen para nada”, porque, efectivamente, chegaron as cartas sen enderezo a todo Cambre, por iso preguntou, para estar informado e para poder informar aos veciños de Cambre, nada máis.

Antes de dar paso ás preguntas do BNG, pide a palabra don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, para manifestar que o seu grupo tiña feito dous solicitudes por rexistro respecto dos informes do festival Brincadeira, unha en outubro e outra a principios de ano, e non se lles contestou, e di que é vergonzoso que se teña que enterar nun pleno de que teñen o expediente e que poden ir a consultalo. Di que esa é a súa queixa.

A Sra. presidenta contesta que pensou que UxC xa o tiña visto ou que non o quixera ver, era o coñecemento que tiña do asunto, en todo caso, di que o teñen á súa disposición.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 2542 o día 25 de febreiro de 2013, xunto cos rogos presentados para este pleno.

O pasado 23 de febreiro ao mediodía, Dani Carballada, integrante do grupo municipal do Bloque, respondeu a unha enquisa electoral moi detallada sobre Cambre e a súa política municipal, no cruceiro anexo á Casa do Concello.

Ao rematar as preguntas, preguntóuselle á entrevistadora para que empresa era o traballo, xa que nin ela nin a documentación que portaba tiñan logotipo ou identificación ningunha. Logo de varias respostas evasivas e titubeantes manifestou que *“nosotros somos una organización privada que trabaja en muchos sitios”*. Preguntada por quen encargaba o estudo afirmou *“estas son encargadas por el Ayuntamiento”*, sinalando fisicamente o edificio consistorial.

Folga dicir por obvio e evidente que a realización de enquisas, tamén as electorais, é unha actividade de todo punto lícita e respectable. Sexan estas encargadas por empresas, medios de comunicación, organizacións políticas, particulares ou quen teña a ben realizalas.

Cousa distinta sería que estas enquisas fosen encargadas polo concello, cuestión que nos parece de todo punto recriminable. É por iso que, tendo por obxecto aclarar e dilucidar se ten o concello algo que ver coa realización desta enquisa, damos traslado ás seguintes preguntas:

- 1ª Encargou o concello algunha enquisa?
- 2ª Algunha empresa que realice enquisas traballa para o concello?
- 3ª Dispón o concello dalgunha enquisa xa realizada?

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, contesta respecto da primeira pregunta que a resposta é non. A segunda, sobre se algunha empresa que realiza enquisas traballa para o concello, el ten que contestar que non lle consta, pero non o sabe, porque non mira o obxecto social de todas as empresas que traballan para o concello. E a terceira, sobre se dispón o concello dalgunha enquisa xa realizada, a resposta é que non.

Tamén di que o equipo de goberno, hai tres ou catro meses aproximadamente, estudou a posibilidade de asinar un convenio coa Universidade da Coruña para facer un sondeo de opinión, non política, senón para mellorar a comunicación cos cidadáns, para mellorar os servizos, saber cales eran as súas principais preocupacións, pero a Universidade da Coruña orzamentou ese sondeo en 36.000 euros, polo que descartaron totalmente realizalo, en todo caso, o orzamento si que se solicitou.

A Sra. presidenta, para finalizar o pleno, pide desculpas se nalgún momento se equivocou nalgunha cousa ou dixo algo que non debía.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e trinta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

A presidenta

A secretaria xeral

Mª Jesús González Roel

Mª Luisa de la Red Ampudia